

# Buen, naturalmente

J. Gaspar Bernárdez Villegas  
Antonio Rigueiro Rodríguez  
Uxía Garcés Ojea



© Edición: Editorial. Edlibrix  
© Textos: J. Gaspar Bernárdez Villegas, Antonio Rigueiro Rodríguez, Uxía Garcés Ojea  
© Deseño e maquetación: Ana Ojea Pérez  
ISBN: 978-84-123135-5-0

Reservados todos os dereitos. Queda rigorosamente prohibida, sen a autorización escrita do titular do “Copyright”, baixo as sancións establecidas na lei, a reprodución parcial ou total desta obra por calquera medio ou procedemento, incluídos a reprografía e o tratamento informático, así como a distribución de exemplares mediante alquiler ou préstamo público.

Bueu,  
Naturalmente

J. Gaspar Bernárdez Villegas

Antonio Rigueiro Rodríguez

Uxía Garcés Ojea



Concello de Bueu

## Agradecementos

---

Foi moita xente a que colaborou de maneira desinteresada para que este traballo se puidera realizar, a todas e todos queremos agradecer a súa contribución.

En primeiro lugar queremos agradecer a Félix Juncal (alcalde do concello), Xosé Leal (actual concelleiro de medio ambiente) e Tamara Sotelo (anterior concelleira de medio ambiente), por acoller con tanto interese esta iniciativa para a posta en valor dos espazos verdes do concello. A Saba González e Cristina Fuentes, pola súa axuda na correcta identificación das distintas bolboretas atopadas durante os traballos de campo. A Uxía Garcés polas súas valiosas aportación no capítulo de espazos verdes urbanos. A Santy Corral pola redacción do capítulo dedicado aos cogomelos e amosarnos algúns dos lugares máis fermosos e descoñecidos do concello. A J. M. Costa Lago polas súas valiosas achegas no capítulo de cogomelos e a Luís Davila por cedernos un dos seus coñecidos “*bicheros*” para este apartado. A Xurxo Mouriño, gran coñecedor da flora e fauna da contorna, que nos facilitou tanta información foi necesaria na correcta identificación das aves mariñas citadas no documento e a Xesús Alonso, por compartir con nós o seu profundo coñecemento sobre os eucaliptos da contorna.

**Nota:** Todas as fotografías publicadas neste libro foron realizadas polos autores excepto as cedidas por Santy Corral (8; 18/1,2,3; 23; 25/2; 51/1; 78/1,2; 81/3; 84/2; 89/1; 98/1; 106; 107; 111; 137/3; 133; 138/1,2,3,4,5; 139/1,2; 143/1,2; 144/1; 146; 151; 154/1; 167/1,2; 167/1; 169/1,3; 177/1; 182/2; 195; 196/1,2; 197/1,2,3; 198/1,2,3; 199/1,2,3; 200/1,2), Fuco Bernárdez (53/1; 105/2), Lúa Bernárdez (40; 121/1), Victoria /Martínez (103/1,2), Ana Vilas (148), Suso Framil (142; 148/1; 149/1; 153/1; 154/2; 155). As fotografías de cada autor especificanse mediante o número de páxina e a posición que ocupan nela, contando de esquerda a dereita e de arriba abaixo.

# ÍNDICE

A PAISAXE DE BUEU	9
BOSQUES E PLANTACIÓNS FORESTAIS	16
PLANTAS EPÍFITAS	19
CARBALLEIRAS	23
PLANTACIÓNS FORESTAIS	41
EUCALIPTAIS	45
PIÑEIRAIS	48
SOUTOS DE CASTIÑEIROS HÍBRIDOS	51
PLANTACIÓNS CON OUTRAS ESPECIES	62
ENTORNOS FLUVIAIS	74
PAISAXE AGRARIA	85
ESPAZOS LITORAIS	106
PRAIAS E DUNAS	107
CANTÍS COSTEIROS	128
ARQUIPÉLAGO DE ONS	139
CABO UDRA	160
ESPAZOS VERDES URBANOS	174
ESPECIES EXÓTICAS INVASORAS	185
COGOMELOS NO CONCELLO DE BUEU	193
BIBLIOGRAFÍA	201
OS AUTORES	203



Vila de Bueu desde o Alto da Telleira (Cela)

# A PAISAXE DE BUEU

Para describir a paisaxe de Bueu e os seus compoñentes debemos tomar en consideración os axentes modeladores da mesma, como a localización xeográfica, a topografía e outros factores que definen o marco físico e biótico, como a xeoloxía e litoloxía, a proximidade do mar, a composición dos chans, a vexetación ou o clima. Pero se hai un axente de cambio que influú e que seguirá influíndo na transformación da paisaxe, é sen dúbida o ser humano.



# LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA E FISIOGRAFÍA



Localización do concello de Bueu

O concello atópase no noroeste da Península do Morrazo, limita ao norte coa ría de Pontevedra, ao sur co concello de Cangas, ao leste cos municipios de Marín e Moaña e ao oeste coa ría de Aldán.

O concello está asentado a unha altitude media de 200 metros sobre o nivel do mar, aproximadamente, nunha sucesión de vales de pouca pendente nas zonas máis próximas ao mar, e que adquiren maior verticalidade a medida que nos achegamos aos montes de Ermelo ou Cela. As maiores altitudes do concello atópanse no Monte Paralaia, en Ermelo, con 434,4 metros sobre o nivel do mar, e no Monte do Grilo e Alto da Telleira, en Cela, con 399,9 e 371,1 metros sobre o nivel do mar, respectivamente. As orientacións predominantes no concello son ao norte e ao oeste, atopando entre ambas situacións intermedias nas que a orientación é noroeste.

O concello de Bueu está situado no noroeste da Península do Morrazo, limita ao norte coa ría de Pontevedra, ao sur co concello de Cangas, ao leste cos municipios de Marín e Moaña e ao oeste coa ría de Aldán.

O concello está asentado a unha altitude media de 200 metros sobre o nivel do mar, aproximadamente, nunha sucesión de vales de pouca pendente nas zonas máis próximas ao mar, e que adquiren maior verticalidade a medida que nos achegamos aos montes de Ermelo ou Cela. As maiores altitudes do concello atópanse no Monte Paralaia, en Ermelo, con 434,4 metros sobre o nivel do mar, e no Monte do Grilo e Alto da Telleira, en Cela, con 399,9 e 371,1 metros sobre o nivel do mar, respectivamente. As orientacións predominantes no concello son ao norte e ao oeste, atopando entre ambas situacións intermedias nas que a orientación é noroeste.



# XEOMORFOLOXÍA, XEOLOXÍA, LITOLOXÍA E EDAFOLOXÍA

Ao longo da dilatada historia xeolóxica de Galicia, o territorio que na actualidade corresponde ao concello de Bueu, do mesmo xeito que o resto das localidades presentes nas Rías Baixas, estivo exposto aos procesos de colisión das placas tectónicas e da apertura dos océanos e aos movementos de ascenso e descenso do nivel do mar, o que marcou de forma moi significativa o seu relevo, caracterizando polo tanto a súa paisaxe.

As rías eran antigos vales fluviais que se asolagaron despois das últimas glaciacións, e as illas formaban parte dunha cordilleira litoral. Durante o Cuaternario o planeta sufriu varios períodos glaciais que provocaron descensos no nivel do mar, seguidos de períodos cálidos (ou interglaciares) con ascenso do nivel das augas.

*E isto, como influíu na paisaxe de Bueu...? Pois dun xeito moi característico....*

Durante este tempo, os vales fluviais foron progresivamente asolagados polo ascenso do nivel do mar, formando nun primeiro momento estuarios nos que posteriormente foi entrando o mar, formando o que hoxe coñecemos como rías.

A actividade xeolóxica, datada na súa maior parte do Precámbrico, modelou de forma moi característica ás Rías. Todas elas son paralelas entre si, con dirección Noroeste-Suroeste e nas tres existen illas en posición Norte-Sur. As Cíes na entrada da Ría de Vigo, as Ons na entrada da Ría de Pontevedra e Sálvora na entrada da Ría de Arousa.



Aínda que existe unha explicación máis lexendaria para explicar a formación das Rías Baixas Galegas; segundo conta a lenda, as rías son a pegada dos dedos de Deus que, despois de crear o mundo, apoiou aquí a súa man para descansar

A maior parte do substrato do concello está constituído por granito de feldespato alcalino e de dúas micas, procedente de fenómenos de compresión derivados do choque dos continentes durante o que se coñece como Oroxenia Hercínica, nun proceso no que os sedimentos que ocupaban a conca mariña quedaron atrapados, sufrindo en consecuencia altas temperaturas e presións, convertendo a textura orixinal dos sedimentos en rochas metamórficas, nun proceso común a todas as Rías Baixas, datable no período Carbonífero, hai entre 350 e 280 millóns de anos.

O granito está moi fracturado, con numerosas diáclases que seguen as direccións das fallas. Nos cantís costeiros poden verse claramente as que seguen en dirección N-S, con superficies moi lisas, e un buzamento (inclinación) de 60-70º cara ao leste. A favor destas diáclases o mar traballa a costa rochosa socavando a súa base e creando os cantís case verticais e as furnas.



Pías de pequeno tamaño en Cabo Udra

Rampla de Bolos, características pedras redondeadas pola erosión causada polas mareas





Alvéolos en Cabo Udra

En Cabo Udra son comúns as ramplas de Bolos, formadas por rochas arredondadas polo efecto da erosión mariña, ao mesmo tempo tamén é frecuente a observación de pías e alvéolos.



Bolo en Cabo Udra. Son grandes bloques graníticos arredondados pola auga e o vento

Cristais xigantes de feldespato

## CLIMA

Bueu atópase dentro da zona climática oceánica propia do litoral das Rías Baixas, que se caracteriza por unha elevada pluviosidade e unha moderada diferenciación estacional hídrica e térmica. As precipitacións recollidas na estación meteorolóxica de Lourizán, con rexistros continuos desde 1955, indican que a climatoloxía da ría de Pontevedra é de tipo oceánico-húmido, con elevadas precipitacións que teñen o seu máximo no inverno e primavera, con tendencia á seca estival, nos meses de xullo e agosto, polo que nos encontramos nunha variante con certa tendencia mediterránea.

Os veráns son cálidos, cos meses de xuño, xullo e agosto despexados, o que favorece a afluencia do turismo atraído polo bo tempo, mentres que os invernos son fríos, húmidos e parcialmente nubrados. Durante o transcurso do ano, a temperatura xeralmente varía entre 7 °C e 25 °C e de cando en cando baixa a menos de 3 °C ou sobe a máis de 31 °C.

## O SER HUMANO

Ao longo do tempo o ser humano foi capaz de adaptar a contorna ás súas necesidades e a súa cultura. As transformacións provocadas na paisaxe non foron moi destacadas durante milleiros de anos, producíndose os cambios mais apreciábeis desde que o ser humano mudou os seus hábitos, pasando de nómada a sedentario, cambiando entón os seus costumes de cazador-recolector a agricultor, nun proceso que representou a maior transición demográfica experimentada polo ser humano en centos de miles de anos. A partir dese momento, fai xa arredor de 10000 anos, no Neolítico, os cambios comezaron a ser apreciábeis na paisaxe. Pero é, sen dúbida, a partir da Idade Media cando se produciron os maiores cambios no escenario; a construción naval, a minería, a construción de ferrocarrís, as distintas amortizacións e un notable aumento da poboación provocaron un continuo cambio.

Todos estes procesos foron visibles nunha escala global, pero a nivel galego, sobre todo nas zonas costeiras, foron sen dúbida moi evidentes. A comezos do século XX os montes costeiros de Galicia atopábanse deforestados case por completo, xa que os sistemas de aproveitamento (pastoreo, rozas, estivadas...) e as necesidades de madeira e outros produtos recollidos no

monte (esquilmes, leñas.....) debuxaban unha paisaxe na que abundaban os terreos sen árbores, dedicados ao pastoreo, acompañado en moitos casos, nas épocas nas que o gando non se atopaba no monte, polo aproveitamento da matogueira para cama para o gando e posterior esterco para as hortas e veigas.

No primeiro cuarto do século XX as políticas de reforestación levadas a cabo pola Deputación de Pontevedra, dirixida naquela época por Daniel de la Sota, asesorado polo enxeñeiro de montes Rafael Areses, levaron a comezar distintos traballos de plantacións forestais destinadas a cubrir de árbores os desérticos montes do Morrazo, plantando na maior parte dos casos piñeiros do país (*Pinus pinaster*), no marco dun proxecto que eles mesmos denominaron “*La Reforestación de Pontevedra*”.

A partir de mediados de século XX as plantacións mudaron de especies, e comezou a reforestación con distintos tipos de eucaliptos, no marco das políticas e tendencias predominantes no réxime. Na maior parte das veces estas plantacións foron realizadas sen demasiada planificación, como se pode apreciar na illa de Ons, plantada no seu día con eucaliptos, cuxa madeira na actualidade nin tan sequera cobre os gastos da súa extracción en barco.



Macetas de barro empregadas na reprodución de piñeiros nos viveiros de Figueirido (Vilaboa) e Areas (Tui)


# BOSQUES E PLANTACIÓNS FORESTAIS

Os visitantes que se achegan a coñecer as Rías Baixas galegas a miúdo manifestan admiración pola exuberancia dos seus bosques, xa que a franxa costeira aparece cuberta de árbores que forman un tapiz verde atraente. Pero os bosques naturais costeiros foron erradicados e substituídos por extensas plantacións de eucaliptos e piñeiros que nada teñen que ver cun bosque, e que tamén invadiron amplas áreas antes ocupadas por prados, cultivos de froiteiras e zonas de matogueira.



Bolboreta dos valados (*Pararge aegeria*). Trátase dunha bolboreta bastante común que pode observarse en camiños que discorren baixo zonas arboradas, pousándose frecuentemente en silvas, arbustos ou ramas das árbores

Marcas feitas por un porco bravo (*Sus scrofa*) ao rascarse coa casca dun carballo en Chans de Cela



A pomba torcaz ou pombo (*Columba palumbus*) é unha das aves de máis fácil observación no concello de Bueu, pois podemos atopala tanto nas zonas naturais como nas humanizadas, onde tamén aniña sen dificultades nas árbores de parques e xardíns. Nas zonas agrícolas encontra gran abundancia de grans que quedaron no chan para alimentarse. Durante a época invernal é doado sorprender grandes bandos nas carballeiras, que emprenden voo ruidosamente polo roce das ás coa vexetación

Os bosques son comunidades complexas. Froito da súa complexidade cumpren múltiples funcións ambientais, económicas e sociais, que xeralmente se solapan no espazo e no tempo, ofrecen á sociedade produtos como a madeira, axudan a conservar os solos, protexen a flora e a fauna e acubillan unha importante biodiversidade, regulan o ciclo da auga e son elementos esenciais na loita contra a erosión e o cambio climático, sendo ademais espazos de lecer moi apreciados pola sociedade actual. As funcións de protección dos bosques poden ser moi variadas: contribúen á prevención e mitigación da erosión e degradación dos solos, á conservación dos recursos hídricos, á estabilización das dunas e das marxes dos ríos e mesmo á redución da contaminación atmosférica e acústica. Considérase que a maior parte dos bosques compren funcións de protección en maior ou menor grao, a pesar de que estas poidan non ser o obxectivo principal da súa xestión, estas importantes funcións xustifican sobradamente a súa protección.

Os bosques atlánticos están constituídos por árbores de folla caduca, tales como carballos, castiñeiros, bidueiros, freixos, amieiros ou salgueiros. As árbores constitúen só unha pequena parte da gran variedade de especies vexetais que medran no estrato superior e nos estratos inferiores destes bosques, que inclúen numerosas plantas leñosas e herbáceas.



A dedaleira (*Digitalis purpurea*) é unha planta ben representada no sotobosque das carballeiras do concello



Calzas de Cuco (*Linaria triornithophora*)



Víbora de Seoane (*Vipera seoanei*) en Cela



# PLANTAS EPÍFITAS

O seu nome deriva do grego *epi* sobre e *phyton* planta, pola súa maneira de crecer sobre outras plantas. Ao longo da historia, a beleza das flores e follas dalgunhas plantas epífitas chamaron a atención de científicos, naturalistas e horticultores de todo o mundo. Sobre todo as orquídeas e as bromeliáceas foron o obxecto de desexo da nobreza europea, que nos séculos XVIII e XIX enviaron aos seus “cazadores de plantas” para recadar e traer as xoias máis extraordinarias de América do Sur e África. Este grupo inclúe aproximadamente o 10% das plantas vasculares do planeta e por esta razón non o podemos considerar marxinal ou raro.

*Aechmea fasciata* no invernadoiro de plantas tropicais (Tropical Nursery) dos Kew Garden, Londres. Desde a súa introdución en Europa, esta planta epífita tropical da familia das bromeliáceas é amplamente cultivada como planta de interior

Moitas persoas pensan que todas as plantas que crecen sobre as árbores son parásitas, como o visgo (*Viscum album*), que non está presente en Bueu. Con todo as epífitas só se suxeitan á árbore hóspede para obter un soporte que lles dea a oportunidade de alcanzar a maior cantidade posible de luz, humidade, materia orgánica e nutrientes para desenvolverse.

Nudosillas (*Polygonum capitatum*)  
sobre os plátanos de sombra  
na alameda do concello



Cabriña (*Davallia canariensis*) sobre  
o tronco dun carballo





Aleluia (*Oxalis acetosella*) sobre  
un salgueiro no Rego da Pena

Deste grupo de plantas podemos atopar en Bueu gran diversidade de fentos, entre os que destaca a cabriña (*Davallia canariensis*), e outro tipo de plantas, como aleluias (*Oxalis acetosella*) ou incluso a exótica nudosilla (*Polygonum capitatum*). É importante non confundilas coas plantas rubideiras que moitas veces soben polo tronco, pero que teñen as súas raíces no chan.

A maior parte de plantas epífitas que podemos atopar en Bueu tamén poden considerarse rupícolas, pois non é raro encontralas sobre rochedos ou en muros, como é o caso do couselo (*Umbilicus rupestris*) ou os polipodios (*Polypodium spp.*).



Nos Xardíns de María Eugenia, na Banda do Río, atópase un exemplar de palmeira canaria (*Phoenix canariensis*) coa mellor representación de plantas epífitas do concello. No seu tronco (estipe) podemos atopar unha gran diversidade de fentos (*Dryopteris dilatata*, *Athyrium filix-femina*, *Pteridium aquilinum*, *Asplenium billotii*, *Polypodium sp.*), leitarugas (*Sonchus oleraceus*), adelfillas (*Epilobium parviflorum*), aleluias (*Oxalis corniculata*), silvas (*Rubus ulmifolius*), tintureiras (*Phytolacca americana*) e pequenas saginas (*Sagina sp.*), entre outras



# CARBALLEIRAS

O concello de Bueu atópase no dominio das carballeiras galaico-portuguesas con xilbardeira ou mezquita (*Ruscus aculeatus*). Trátase do bosque característico do occidente galego, preferentemente nos pisos termotemperado e mesotemperado inferior, no que podemos atopar cerquiños (*Quercus pyrenaica*), acivros (*Ilex aquifolium*), castiñeiros (*Castanea sativa*), loureiros (*Laurus nobilis*) e sobreiras (*Quercus suber*). No estrato arbustivo crecen érbedos (*Arbutus unedo*), sanguíños (*Frangula alnus*) ou estripeiros (*Crataegus monogyna*), mentres que nos estratos inferiores abundan especies coma o chuchamel (*Lonicera periclymenum*), a xilbardeira (*Ruscus aculeatus*), o trovisco (*Daphne gnidium*), a rubia (*Rubia peregrina*), ou as uvas de can (*Tamus communis*), sendo estas últimas boas especies para diferenciar estes bosques doutras carballeiras.

Pequeno grupo de cerquiños (*Quercus pyrenaica*) nos cantís de Punta Xestosa, na illa de Ons



Fermosa floración  
do chuchamel  
(*Lonicera periclymenum*)




Xilbardeira (*Ruscus aculeatus*).  
Planta característica nas  
carballeiras das Rías Baixas




Uvas de can (*Tamus communis*).  
Planta rubideira presente nas  
carballeiras das Rías Baixas





Xesta (*Cytisus striatus*).  
Planta característica nas etapas de  
substitución das carballeiras

As carballeiras practicamente desapareceron como tales en Bueu, debido á súa corta masiva para a plantación de especies de uso comercial como o eucalipto (*Eucalyptus globulus*) e o piñeiro (*Pinus pinaster*). Quedan algúns restos destes bosques en Cela e Ermelo, lugares nos que tamén se poden observar representacións das súas etapas de substitución (xesteiras, espiñeirais...).



Carriza luminosa (*Schistostega pennata*) no interior dun toboha das carballeiras do concello



Carballos de avanzada idade na contorna de Ermelo

## Carballeiras de Ermelo

Nos arredores da aldea de Ermelo atopamos numerosas carballeiras que resisten a presión á que son sometidas polo avance das plantacións de eucaliptos. Na subida ao monte Paralaia as carballeiras amósanse cheas de vida, con numerosas especies de fentos (*Athyrium filix-femina*, *Dryopteris affinis*, *D. dilatata* ou *Blechnum spicant*) e megaforbios (*Heracleum sphondylium*) que habitan nos lugares con maior humidade. A estas plantas acompañanas outras características das carballeiras, como a violeta (*Viola riviniana*), a herba de San Roberto (*Geranium robertianum*), onfalodes (*Omphalodes nitida*), escorodonia (*Teucrium scorodonia*), silvas (*Rubus ulmifolius*), herba das feridas (*Prunella vulgaris*), leiteiriñas (*Euphorbia dulcis*), hedras (*Hedera hibernica*) e chuchameles (*Lonicera periclymenum*), entre outras.



Entre as carballeiras tamén hai espazos nos que se realizaron cortas de eucaliptos nos últimos anos, o que permite a instalación de matogueiras formadas por xestas (*Cytisus striatus*), codesos (*Adenocarpus lainzii*) e pereiras bravas (*Pyrus cordata*), que conforman a vexetación característica nas etapas de substitución do bosque e que favorecen a instalación de carballos de semente, polo que estes espazos serán carballeiras no futuro se se lles permite evolucionar. Desta forma é posible atopar carballos e castiñeiros de máis de 50 anos convivindo con outros máis novos.



Leiteiriña (*Euphorbia dulcis*)

Carballo de tronco moi vertical na subida ao Monte Paralaia

Corredoira en Ermelo que discorre  
baixo as copas dos carballos



Mouteira de carballos de curta idade



Fermosa floración do  
codeso  
(*Adenocarpus lainzii*)

Carballeira de curta idade con gran  
cobertura de arbustos



## "PLANTAS PREVERNAIS"

Nos bosques de folla caduca existe un breve período de luz desde aproximadamente marzo ata maio, cando as árbores aínda non brotaron e o sol ten un nivel suficientemente alto como para que a radiación que chega ao solo permita o crecemento rápido de pequenas plantas, antes de que broten as follas das árbores, período no que o solo aparece ornamentado con numerosas flores como narcisos (*Narcissus bulbocodium*, *N. cyclamineus*, *N. triandrus* subsp. *triandrus*), anémonas (*Anemone trifolia*), violetas (*Viola riviniana*), amorodos (*Fragaria vesca*) ou cárcamos (*Primula acaulis* subsp. *acaulis*).

Solda ou selo de Salomón (*Polygonatum odoratum*). Fermosa planta característica dos bosques caducifolios, cada vez máis difícil de observar nas carballeiras de Bueu e de todo o Morrazo




Amorodos (*Fragaria vesca*)

Violeta (*Viola riviniana*)




Cárcamos (*Primula acaulis* subsp. *acaulis*)



Narciso (*Narcissus triandrus* subsp. *triandrus*)



Calzas de cuco (*Narcissus bulbocodium*)





Interior dunha  
das carballeiras  
en Chans de Cela

## Carballeiras de Cela

En Cela, nas zonas máis próximas a Chans de Cela, atopamos numerosas carballeiras de pequenas dimensións resistindo ao avance das plantacións de piñeiros e eucaliptos. Alternan as masas formadas por árbores novas, que adoitan ter alta densidade de pés, con outras nas que a abundancia de exemplares é moito menor, pero as árbores son de dimensións moito maiores.

Na zona de maior altitude atopamos bidueiros (*Betula pubescens*) de grandes dimensións e, aínda que non está de todo claro se a súa orixe é natural ou foron plantados fai anos, o seu valor ecolóxico e paisaxístico é moi elevado. Acompañando a estes bidueiros tamén se atopan carballos de grandes dimensións e algún castiñeiro. No dosel arbustivo aparecen pereiras bravas (*Pyrus cordata*), silvas (*Rubus ulmifolius*), xestas (*Cytisus striatus*) e chuchameles (*Lonicera periclymenum*). Nas zonas de maior



Os peros, como se coñecen localmente os froitos da pereira brava foron empregados ata fai pouco na elaboración artesanal de licores por parte de algúns veciños

humidade edáfica e ambiental son numerosas as especies de fentos que acompañan aos carballos, como o fento femia (*Athyrium filix-femina*) ou *Dryopteris dilatata*.

Na valgada orientada cara o suroeste atopamos numerosas especies que poñen de manifesto a influencia mediterránea nas carballeiras do Morrazo, pero sen lugar a dúbidas o que máis chama a atención é a gran cantidade de sobreiras (*Quercus suber*) de grandes dimensións nesta zona, na que tampouco faltan outras árbores coma o loureiro (*Laurus nobilis*).

A casca da sobreira é coñecida como *cortiza*, por iso a árbore é coñecida nalgúns zonas do concello como *corticeiro*



Sobreira de grandes dimensións en Cela. Nos seus fustes aínda mostra as cicatrices do aproveitamento da cortiza



Hai que destacar que nos claros dalgunha carballeira nos arredores de Chans de Cela, nas zonas de maior humidade edáfica, foi atopada a surbia ou herba do lobo (*Veratrum album*), planta escasamente representada no Morrazo.

Surbia ou herba do lobo (*Veratrum album*) nas proximidades da capela de San Lourenzo



# IMPORTANCIA DAS ÁRBORES VELLAS

As árbores vellas son importantes, entre outros moitos motivos, pola variedade de organismos asociados a elas ou que viven no seu interior, como insectos, plantas epífitas, morcegos e outros micromamíferos ou aves. E ademais:

- 🌿 Resultan esteticamente atractivas e son inspiradoras.
- 🌿 Poden ter algunha ligazón histórica moi particular, por exemplo estar asociados a unha persoa ou un evento, como as Sequoias de Massó.
- 🌿 A miúdo ilustran paisaxes con usos culturais ou unha utilización en desuso do terreo. Por exemplo, as árbores vellas con frecuencia aparecen en montes de aproveitamento público, en parques, en lindeiros, en vellas terras de labranza (ás veces nos lindeiros de separación de eidos)
- 🌿 Poden formar parte do deseño nun xardín ou paisaxe. Moitos xardíns deseñados formalmente conteñen árbores vellas, e son o compoñente vexetal de moitas avenidas e bulevares.

Moitos xardíns deseñados formalmente conteñen árbores vellas, e son o compoñente vexetal de moitas avenidas e bulevares.

🌿 É máis probable que as árbores moi vellas, e non as árbores máis novas, sexan os descendentes das que formaban os bosques primarios que colonizaron Galicia despois da última glaciación. Isto convérteos nun material xenético que é importante conservar. Aínda que tamén é certo que algunhas árbores vellas son introducidas.

🌿 Os aneis de crecemento das árbores vellas son rexistros históricos en si mesmos. A súa análise dendrocrono-



Aliñación de plátanos da Banda do Río



Carballos de grandes  
dimensións e idade  
avanzada en Cela

lóxica ilustra acerca de cambios climáticos do pasado, incendios, pragas e doenzas ou tratamentos por cortas (de todos os xeitos, a medida que o tronco da árbore queda oco, o proceso de descomposición elimina os aneis). A natureza química da madeira tamén amosa información para investigar o clima do pasado, niveis de contaminación, etc.

🌿 As árbores vellas teñen asociadas varias especies de vexetais e fungos epífitos. Os grupos máis interesantes serían brións, hepáticas e fungos liquenizados; pero tamén poden ser epífitas algunhas plantas vasculares, como algúns fentos.

🌿 Son especialmente importantes por motivos biolóxicos,

proporcionan as condicións apropiadas para gran variedade de plantas e animais, moitos dos cales precisan das condicións ambientais específicas que se crean nunha árbore vella. Pódense chegar a comparar cun edificio cheo de apartamentos.

🌿 As cavidades, gretas e fendas poden ser utilizadas por morcegos e outros micromamíferos, paxaros e invertebrados.




Tronco de piñeiro americano (*Pinus radiata*) descompoñéndose, no que se aprecia como os aneis de crecemento desapareceron e unicamente se conserva a inserción das ramas



Torada de sequoia xigante (*Sequoiadendron giganteum*) no Museo de Historia Natural de Londres. A mostra leva no Museo desde 1893, despois de que fora tallada en California á idade de 1.300 anos e con 101 metros de altura. Durante todos eses anos a sequoia viviu imperios, guerras, pragas, descubrimentos científicos e invencións. (Fonte: Museo de Historia Natural de Londres)



Macho de vacaloura (*Lucanus cervus*) nun carballo de avanzada idade coa casca cuberta de brións nas proximidades do río Frade



Carballo morto nas carba-  
lleiras de Chans de Cela

## A MADEIRA MORTA, UNHA MADEIRA CHEA DE VIDA...

A madeira morta é esencial nos ciclos de nutrientes do bosque, como «abono natural» que na súa lenta descomposición enriquece o chan; ademais é esencial como refuxio, lugar de descanso, reprodución ou invernada de morcegos (a maior parte protexidos por atoparse ameazados) e outros pequenos, medianos e grandes mamíferos, réptiles e insectos, paxaros carpinteiros (pícidos), aves rapaces, que nidifican nos seus ocos e os utilizan como «balizas» territoriais, como puntos para albiscar presas de caza ou lugares de repouso. Moi importantes son tamén para os invertebrados que axudan na descomposición desa materia orgánica que debe volver ao solo (para reiniciar o ciclo imparabile da vida) e son comedores e axentes que reciclan esa madeira morta, moitos deles ameazados e algúns protexidos, todos sen distinción ignorados, aínda que a súa importancia sexa tan obvia como preocupante a súa escaseza e grao de ameaza.

Por todo iso *a existencia de madeira morta nos nosos bosques é imprescindible!!*



Galerías feitas por pequenos insectos baixo a casca dun piñeiro morto

Abellón carpinteiro (*Xylocopa violacea*) sobre abrótega (*Asphodelus lusitanicus* subsp. *ovoideus*). Os abellóns carpinteiros hibernan durante o inverno e emerxen na primavera. Desde finais de primavera é posible observalos voando en busca de parella e lugares apropiados para aniñar, como troncos, ramas, postes e vigas vellas e mesmo fungos da madeira. As raíñas escavan galerías na madeira morta, de aí o nome de abellón carpinteiro

Na medida en que todos eses compoñentes son eliminados pola acción do ser humano, o bosque vai perdendo a súa naturalidade e con ela a capacidade para albergar ás súas especies máis singulares.

Piñeiro marítimo (*Pinus pinaster*) na illa de Ons

## PLANTACIÓNS FORESTAIS

O bosque orixinario galego sufriu, desde a aparición da agricultura e do control do lume por parte do ser humano, unha profunda transformación. Coa aparición xeneralizada do uso do lume para prácticas agrícolas ou gandeiras, fai uns 4.000 anos, comeza a regresión do bosque caducifolio en Galicia.

Piñeiro americano  
(*Pinus radiata*)  
de curta idade  
en Cabo Udra



A agricultura rudimentaria a base de rozas e estivadas, o pastoreo extensivo co lume como medio de mellora de pastos, as necesidades enerxéticas de leñas, o carboneo para as primeiras ferrerías xa no século XIV e sobre todo no XVIII, a implantación de viñedos, a construción naval durante os séculos XII ao XVIII, a presión demográfica do século XVIII, a construción do ferrocarril a finais do século XIX e comezos do XX e mesmo unha economía rural que precisaba da matogueira para esquilmes, foron circunstancias que reduciron a superficie dos bosques en Galicia considerablemente. Segundo o Catastro do Marqués de la Ensenada, de 1752, na provincia

de Pontevedra, só o 5 % da superficie estaba arborada.

A gran reforestación de Galicia prodúcese durante o século XIX, a base de piñeiro marítimo (*Pinus pinaster*), e continuou durante o século XX, cando tamén comezan a realizarse plantacións con outras especies como o piñeiro americano (*Pinus radiata*) ou o eucalipto (*Eucalyptus* spp.).

Enténdese por plantación forestal unha superficie arborada que non é natural senón que a súa orixe é artificial (creada polos humanos) e na que hai un alto grao de homoxeneidade e regularidade, tanto nas especies utilizadas como na idade ou tamaño das árbores, xa que adoitan ser masas de arborado monoespecíficas e coetáneas. Ademais, adóitanse plantar especies de crecemento rápido, buscando a máxima produtividade. Clásicos exemplos de plantacións con mala fama son as de eucalipto na illa de Ons, realizadas con






Grupo de caoba dos pantanos (*Eucalyptus robusta*) no eucaliptal de Melide, na illa de Ons

eucalipto branco (*Eucalyptus globulus*), eucalipto cinsento (*E. cinerea*) e eucalipto robusto (*E. robusta*), promovidas, ao igual que as presentes no arquipélago de Cíes, impulsadas polo propio presidente da ditadura e executadas polos enxeñeiros forestais da época, co gallo de producir un rendemento económico e que na actualidade o valor da madeira non compensa nin sequera o custo da súa extracción das illas.

A mala fama que arrastran as plantacións forestais, aínda que a miúdo esaxerada, ten a súa razón de ser. A maior parte delas establecé-



**Eucalipto branco (*Eucalyptus globulus*) de grandes dimensións no eucaliptal de Melide, na illa de Ons**



Características follas prateadas do eucalipto cinsento (*Eucalyptus cinerea*) na illa de Ons

ronse respondendo ao arquetipo mencionado anteriormente: grandes superficies cubertas por unha soa especie, case sempre exótica, sen máis consideración que producir o máximo volume de madeira no menor tempo posible. Á maior parte deste tipo de plantacións hai que recoñecerlles un mérito; que cumpriron ese obxectivo. Con todo, máis aló da produción de madeira, é certo que son plantacións cun alto custo ambiental e un elevado requirimento de recursos, debido ao seu carácter intensivo, máis propio da agricultura.

A variedade de plantas e animais que poden vivir nun cultivo forestal é moi reducida, particularmente se se trata de árbores non autóctonas, se a comparamos coa biodiversidade dos bosques autóctonos e incluso coas campiñas agrarias, que amosan un mosaico de cultivos, prados e pradeiras e fincas separadas por valados e sebes. A presenza de madeira morta é moi escasa e as tallas periódicas fan imposible que se alcancen os estadios maduros, xa que nas repoboacións prodúcese un rexuvenecemento continuo da masa forestal, adiantándose, mediante diferentes tipos de cortas, ás perturbacións (derribas, incendios, pragas) que de modo natural provocarían periodicamente a apertura de ocos de maior ou menor tamaño no dosel, permitindo o rexuvenecemento natural.



Ilustración do capitán Cook tomando posesión formal de Nova Gales do Sur, Australia


## EUCALIPTAIS

O primeiro eucalipto que se plantou en Europa foi un *roble australiano* (*Eucalyptus obliqua*) nun dos invernadoiros do Xardín Botánico de Kew (Londres) en 1774, tras a primeira expedición que o capitán James Cook levou a cabo en Australia, distribuíndose máis tarde por Italia e Francia. O primeiro exemplar cultivado na Península Ibérica plantouse en Vila Nova de Gaia (Portugal), en 1829 por Mendes Almeida.

En Galicia, a arraigada idea de que o eucalipto foi introducido por Frei Rosendo Salvado foi desmentida nos últimos anos, xa que a súa vinculación con Australia comezou en 1846, cando viaxou a este gran continente por primeira vez. Despois de establecerse, fundou a misión de Nova Nursia, en Australia Occidental. As súas primeiras referencias documentais sobre o eucalipto datan de 1868, e corresponden a cartas que Frei Rosendo Salvado e o seu irmán intercambian con Manuel García Maceira, a quen o frade envía sementes desde Australia, probablemente de *Eucalyptus occidentalis*.

Por unha ou outra vía, o Conde Pontificio de Pardo Bazán obtén sementes de eucalipto branco (*E. globulus*) que planta na súa propiedade de Meirás (Sada), dos que da conta en 1867 por carta ao seu amigo o Conde de Palla-rés, comentándolle o bo crecemento dos exemplares que tiña sementado tempo atrás, polo que parece que a introdución do eucalipto en Galicia non foi levada a cabo por Frei Rosendo Salvado.

Na maior parte das repoboacións forestais que atopamos no concello a especie principal é o eucalipto branco (*Eucalyptus globulus*), aínda que nal-gúns casos tamén podemos atopar outras especies como o anteriormente mencionado eucalipto cinsento (*E. cinerea*) da illa de Ons, eucalipto robusto (*E. robusta*) tamén na illa de Ons e en Cabo Udra, ou o roble australiano



Eucalipto branco (*Eucalyptus globulus*) de grandes dimensións no Pazo de Meirás (Sada, A Coruña)




Característica codia fibrosa do roble australiano (*Eucalyptus obliqua*)

(*E. obliqua*), en Chans de Cela e en Forqueiros, Beluso, destacando algúns exemplares no interior da Finca Forqueiros, pertencente a Familia Massó, que superan os 50 metros de altura e que posiblemente se atopan entre os máis grandes de Europa. Na baixada desde Beluso á praia de Lagos, tamén se pode observar algún exemplar de 'menta de follas angostas' (*E. radiata*) no interior dun predio, pero neste caso non coñecemos se os exemplares foron plantados con fins forestais ou ornamentais.



Grupo de eucaliptos de gran talla en Chans de Cela



Repooboación de eucaliptos en Ermelo



Piñeiros do país  
(*Pinus pinaster*) ao sur da  
Cala de Ancoradouro



Liñas de plantación  
no piñeiral do Monte  
da Espaduada

## PIÑEIRAIS

Segundo algúns estudos recentes, os piñeiros do país (*Pinus pinaster*) re-fuxiáronse nas zonas costeiras de Galicia nos períodos postglaciares, permanecendo nelas ata os nosos días, polo que poderíamos considerar a este piñeiro como unha especie autóctona. No entanto, outros estudos opinan que este piñeiro desapareceu de Galicia a comezos do século XVII e que as masas actuais proveñen de repoboacións forestais e dun proceso de expansión natural desde o norte de Portugal e León, desde finais do século XVII e comezos do século XVIII.

A maior parte do piñeirais presentes no concello de Bueu corresponden a esta especie, presente en repoboacións como as do Monte da Espaduada, na illa de Ons, en Castiñeiras, Beluso, rodeando o parque empresarial, nos arredores da praia de Area de Bon, ou en Chans de Cela, por debaixo do Alto da Telleira.



Interior do piñeiral de  
Chans de Cela

## Piñeiral de Chans de Cela

En Chans de Cela, por debaixo do Alto da Telleira, atópase un piñeiral de piñeiro do país (*Pinus pinaster*) cunha superficie aproximada de 2,5 hectáreas. A maior parte dos exemplares superan os 16 metros de altura e teñen diámetros normais (medidos á altura do peito) de 20 a 40 centímetros, o que dá idea das grandes dimensións dos exemplares. No interior da formación hai varios claros, zonas sen piñeiros ou cos piñeiros caídos ou troncados, posiblemente pola forza coa que o vento entra no piñeiral, xa que a súa orientación, cara o oeste, fai que reciba os ventos dominantes na zona. A presenza destes claros favorece a entrada de especies arbustivas e herbácea, como silvas (*Rubus ulmifolius*), sanguíños (*Frangula alnus*), herba das doas (*Glandora prostrata*), arenaria (*Arenaria montana*) ou a gramínea *Pseudarrhenatherum longifolium*. No interior do rodal tamén foi localizado algún exemplar novo de mimosa (*Acacia dealbata*), especie exótica invasora de orixe australiana que debería ser eliminada antes de que se espalle.



Na contorna da praia de Area de Bon, en Punta Preguntorio, atopamos un fermoso piñeiral cos exemplares de piñeiro do país de maiores dimensións do concello, formando unha masa adulta, na que a ausencia de ramas baixas e a entrada de luz ao chan permiten a presenza dunha magnífica pradería baixo as súas copas



Herba das doas  
(*Glandora prostrata*)  
no piñeiral de Chans  
de Cela



Restos da repoboación  
de piñeiro americano  
(*Pinus radiata*) realiza-  
da en Cabo Udra

Moito menos frecuentes e de menor extensión son as repoboacións de piñeiro americano ou de Monterrei (*Pinus radiata*) das que aínda é posible ver algunha representación residual en Punta Cagadoiro, nas proximidades da praia de Pedrón, en Cabo Udra.





Flor feminina do castiñeiro



Flor masculina do castiñeiro

## SOUTOS DE CASTIÑEIROS HÍBRIDOS

Adoitan chamarse souts mansos as plantacións de castiñeiros enxertados con variedades produtoras de castañas de calidade e souts bravos as formacións de castiñeiros nados de semente, cuxo interese é esencialmente madeireiro. Nas terras baixas de Galicia, como as do concello de Bueu, non son frecuentes os souts vellos porque a incidencia da doenza da tinta foi máis intensa que nas terras do interior e da montaña, pero si atopamos plantacións de castiñeiros máis ou menos recentes, xeralmente de castiñeiros híbridos (*Castanea x coudercii*) resistentes á enfermidade da tinta, unhas veces coa finalidade de producir castañas (híbridos enxertados ou con boa aptitude froiteira) e outras coa finalidade de producir madeira (híbridos con boa aptitude madeireira xeralmente).



Vista do interior do Souto de Forqueiros

## Souto de Forqueiros

Na Finca Forqueiros, en Beluso, atopamos o que pode ser o souto de maior idade do concello. Trátase de unha superficie de 5.000 metros cadrados ocupada por unha masa case monoespecífica de castiñeiros, na que a maior parte dos exemplares foron plantados entre 1940 e 1960. Tamén é posible observar algúns carballos, así como algunha criptomeria do Xapón (*Cryptomeira japonica*) nadas das sementes das árbores adultas desta especie que hai plantadas no predio. Trátase dunha masa moi interesante polas dimensións e idade dos castiñeiros. Os seus troncos son estreitos e de portes moi verticais, xa que medran rodeados de sequoias, cedros e eucalip-tos, o que os obriga a crecer en altura en busca da luz. As súas copas son de reducidas dimensións pola alta densidade.



No estrato herbáceo é posible observar a herba de San Roberto (*Geranium robertianum*), dedaleiras (*Digitalis purpurea*), hedras (*Hedera hibernica*), fento aguia (*Pteridium aquilinum*) e silene (*Silene latifolia*), así como pé de boi (*Oenanthe crocata*) nas zonas máis húmidas.

Fermosa eiruga de *Depressaria daucella* sobre pé de boi (*Oenanthe crocata*) nas zonas máis húmidas do souto



Follas aciculares e conos con escamas punzantes da criptomeria do Xapón



Souto de Chans de Cela

## Souto de Cela

En Chans de Cela, por debaixo do Alto da Telleira, atópase un souto cunha superficie aproximada de 1,3 hectáreas. Trátase de unha plantación de castiñeiros híbridos (*Castanea x coudercii*) de seis a oito metros de altura e plantados con un marco de plantación bastante amplo, é dicir, con bastante separación. A ausencia de coidados culturais, como podas ou claras, está a provocar unha forte espesura, que impide a entrada de luz no chan e polo tanto a case total ausencia de plantas arbustivas e herbáceas no sotobosque, no que medran o sanguíño (*Frangula alnus*), fento aguia (*Pteridium aquilinum*), silvas (*Rubus ulmifolius*) e as gramíneas *Brachypodium sylvaticum* e *Agrostis curtisii*.


Nos últimos anos tense detectado a presenza no souto da avespiña do castiñeiro (*Dryocosmus kuriphilus*). Trátase dun pequeno insecto orixinario da China que xa invadiu gran parte do territorio galego. A avespiña é capaz



de matar os castiñeiros, diminuindo a capacidade fotosintética e a floración, e, como mal menor, diminúe notablemente a produción de castañas.

Bugallo de avespíña do castiñeiro. No seu interior están as postas e larvas deste pequeno insecto





Plantación de castiñeiros, de superficie reducida, na subida da aldea de Ermelo ao monte Paralaia

## Soutos de Ermelo

Nos arredores da aldea de Ermelo hai varias zonas plantadas con castiñeiros híbridos. Trátase, nalgúns casos, de plantacións realizadas fai poucos anos en terreos con clara vocación forestal, na subida ao monte Paralaia. No entanto, na saída de Ermelo cara a Esculca e Monte Queimada podemos contemplar un souto de algo máis de 2.000 metros cadrados que alberga os exemplares de castiñeiro de maior altura do concello, algúns de máis de 20 metros.

É unha masa aberta, é dicir, con pouca densidade de castiñeiros, o que permite a entrada de luz no chan e a presenza dunha fermosa pradería baixo as súas copas, debuxando unha paisaxe idílica en medio das plantacións de eucaliptos.



Souto con castiñeiros de grandes dimensións na saída de Ermelo cara a Estulca e Monte Queimada



A gran espesura de copas dificulta a entrada de luz no interior da formación

## Soutos do río Frade

Por riba da Fonte da Casela podemos ver numerosos soutos de pequena extensión pero cunha interesante representación deste tipo de plantacións nas valgadas do río Frade. Son formacións con exemplares de máis de 20 metros de altura e moita espesura, que ocupan antigos campos de cultivo, sobre todo aproveitados para pastos no pasado. O chan está cuberto de brotes de loureiro (*Laurus nobilis*), estripeiros (*Crataegus monogyna*), hedras (*Hedera hibernica*) e numerosas especies de fentos, como *Dryopteris affinis*, *D. dilatata*, *Polystichum setiferum*, *Athyrium filix-femina* ou *Blechnum spicant*. Entre os castiñeiros aparecen algúns carballos e muros de pedra cubertos de hedra separando as parcelas e sinalando os límites entre os antigos campos.





Restos dos muros de pedra que separan as distintas propiedades dentro dos soutos



Carballo con tronco inclinado e retorcido no interior do souto



Sotobosque cuberto de hedras, brotes de loureiros e distintas especies de fentos

## Pero habendo castiñeiros do país, para que plantar híbridos??

A pesar de que en Galicia o castiñeiro (*Castanea sativa*) é unha especie autóctona, presente nos montes de xeito espontáneo, e que os soutos mansos tiveron no pasado grande importancia no rural de case todo o territorio galego, hoxe en día non é unha especie amplamente empregada no termo municipal.

Podemos atribuír a escaseza de castiñeiros do país a dous motivos principais: por unha banda a virulencia ao longo dos séculos XIX e XX da doenza da tinta (*Phytophthora cinnamomi* e *Ph. cambivora*), que causou grandes estragos, sobre todo nas zonas baixas e costeiras, onde desapareceron moitos soutos; o outro motivo é cultural, o desenvolvemento do cultivo da pataca a partires dos séculos XVIII e XIX, pois dalgunha maneira este tubérculo veu

O Souto de Rozabales, en Manzaneda (Ourense) é un claro exemplo de souto manso. Esta secular formación de castiñeiros foi declarada monumento natural e está incluída no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras





Ourizo (cúpula espiñenta) do castiñeiro que rodea por completo as castañas

a substituír á castaña na dieta das persoas e do gando doméstico, por iso nalgúns zonas lles chamaban ás patacas “castañolas” ou “castañas da terra”. Foi por isto, que ao castiñeiro autóctono de Galicia uníronselle desde a segunda década do século XX o castiñeiro xaponés (*C. crenata*) e o castiñeiro chinés (*C. mollissima*), resistentes á

doenza da tinta, introducidos para defenderse desa enfermidade que arrasou as poboacións do castiñeiro autóctono, sobre todo nas zonas máis baixas. A partir da segunda metade do século XX, os clons híbridos máis resistentes á doenza da tinta entre o castiñeiro do país e os castiñeiros asiáticos (*C. x coudercii*), especialmente o xaponés, adquiriron grande importancia nas plantacións de castiñeiros en Galicia, sobre todo naquelas zonas nas que é previsible a presenza do mal da tinta. Os híbridos, aínda que son fértiles, multiplícanse vexetativamente, pois se se reproducen de semente a resistencia á doenza vai diminuindo de xeración en xeración.

Castiñeiros xaponeses e chineses do Pazo de Lourizán, presentes no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras. Pese a non ser de grandes dimensións nin ser centenarios teñen gran interese pola súa resistencia á enfermidade da tinta e son os pais de boa parte dos castiñeiros híbridos resistentes a ese mal que se comercializan nos viveiros galegos



# PLANTACIÓNS CON OUTRAS ESPECIES

Cada vez son máis frecuentes as repoboacións con especies autóctonas como os freixos de follas estreita (*Fraxinus angustifolia*), e en menor medida bidueiros (*Betula pubescens*) e cerdeiras (*Prunus avium*), no que parece ser unha crecente preocupación por parte da sociedade pola recuperación dos nosos bosques ou das nosas árbores.

## Cerdeiras nos campos de Ermelo

A cerdeira (*Prunus avium*) é unha árbore caducifolia de ata 30 m de altura, coa copa piramidal, regular de nova. Casca do tronco lisa, brillante, de cor parda avermellada, con marcas horizontais. Pólas lampiñas, con follas oblongas, caedizas, alternas ou con aparencia de fasciculadas, serradas na súa beira, con glándulas verrucosas no pecíolo, cerca da súa unión coa lámina. As flores son bisexuais, pentámeras, de cor branca e nacen sobre braquiblastos (ramiñas abortadas) en grupos de entre dúas e oito. Os froitos (drupas) son as cereixas, teñen un só óso no seu interior e cando maduran son brillantes e lisas, de cor vermella, amarela ou case negra. Adoitan aparecer en parellas colgantes suxeitas por un rabiño moi longo.

Nos antigos campos de cultivo por debaixo da aldea de Ermelo atópanse algunhas parcelas repoboadas con esta especie autóctona. Son na maior parte dos casos pequenas parcelas anteriormente ocupadas por cultivos de horta que, tras o abandono das actividades agrícolas foron plantadas con esta especie.



Cereixas ou  
fritos das  
cerdeiras



Detalle das  
glándulas no  
pecíolo das  
cerdeiras

Plantación de cerdeiras en antigos campos de cultivo en Ermelo



Repoboado de freixo de folla estreita entre Ermelo e os Campos de Esperón

## Freixos de folla estreita en Ermelo e Campos de Esperón

O freixo de folla estreita (*Fraxinus angustifolia*) é unha árbore de ata 10-15 m de altura con copa oval e pólas ascendentes. As xemas son pardas e algo tomentosas. Follas opostas, caedizas, compostas por entre cinco e sete folíolos lanceolados, estreitos, e sen pelos na cara nin no envés. Flores precoces (saen antes cás follas), espidas (sen cáliz nin corola, que producen no verán uns leves froitiños achatados lateralmente, de apenas 2-3 cm, chamados sámaras (aquenios alados), adaptados para dispersarse co vento e mesmo polas augas dos ríos. Florece de febreiro a marzo, ás veces en xaneiro, e as sámaras maduran a finais do verán.

No camiño que transcorre entre a subida ao monte Paralaia e os Campos de Esperón atópanse varias repoboacións de freixos de folla estreita sobre



Folla com-  
posta do  
freixo de  
folla estreita

Plantación de freixos de folla estreita na subida de Ermelo ao monte Paralaia

parcelas dedicadas a cultivos agrícolas e pasteiros ata fai poucos anos, que tras o abandono das actividades agrícolas tradicionais foron plantadas con esta especie arbórea. A existencia en moitos destes pasteiros de regos de auga garante a humidade edáfica, da que tanto gustan estas árbores, e a fertilidade do chan, despois de moitos anos de fertilización para os cultivos, favorece o desenvolvemento destas fermosas árbores.



## Chopos híbridos en Trasouto

As frondosas caducifolias están escasamente representadas como árbores de repoboación, aínda que nalgúns ocasións é posible atopar pequenas superficies cubertas con árbores destas características, como no caso






Detalle das follas dos chopos híbridos

do monte Trasouto, na subida á Portela, ou en Bon, onde se atopan pequenas manchas cubertas polo chopo híbrido (*Populus x canadensis*). Trátase do híbrido artificial en-

tre o chopo negro americano (*Populus deltoides*) e o chopo negro europeo (*P. nigra*). Os primeiros exemplares foron obtidos en Francia no s. XVI-II. Árbore dioica de ata 40 m de altura, con copa piramidal de nova, logo ampla, ovoide. Casca do tronco parda agrisada agretada verticalmente. Pólas pardas, ascendentes, con xemas estreitamente ovoides, pegañentas, aromáticas. Follas deltoideas, de 10x10 cm (máis grandes nas plantas novas e nos brotes tralas podas), colgantes, de base truncada e bordo serrado, e pecíolo de 5-10 cm, aplanado. As flores masculinas e femininas agrúpanse en amentos, que son colgantes e alongados. Froito en cápsula que se abre en dúas valvas liberando numerosas



Os exemplares medran con gran verticalidade

sementes cunha greña de pelos brancos cada unha. Ademais deste híbrido euramericano (entre un chopo europeo e outro americano) estanse probando en Galicia nos últimos tempos con bos resultados híbridos interamericanos (entre especies americanas).

En Trasouto atópase unha plantación de pequenas dimensións pero cunha alta densidade, aproximadamente 2x2 metros, o que obriga aos exemplares a medrar con gran verticalidade. As árbores de maiores dimensións superan os 40 centímetros de perímetro medido á altura do peito e teñen unha altura superior a 30 metros. As primeiras ramificacións aparecen superados os 15 metros de altura, polo que entra gran cantidade de luz no sotobosque, que se atopa completamente cuberto de silvas (*Rubus ulmifolius*) e estrugas (*Urtica dioica*). Nas zonas perimetrais da formacións aparecen outras especies herbáceas, como a herba dos encantos (*Circaea lutetiana*), o amor de home (*Tradescantia fluminensis*), o pé de oso (*Heracleum sphondylium*), a tintureira (*Phytolacca americana*) ou o fento aguia (*Pteridium aquilinum*).


A plantación está dividida en dúas partes polo paso dunha liña eléctrica, e o seu carácter edafohigrófilo (amante dos chans enchoupados) queda patente pola presenza arredor da plantación dunha gran masa de salgueiros (*Salix atrocinerea*).




Detalle da  
floración do  
amor de home  
(*Tradescantia  
fluminensis*)



Detalle da folla do  
pradairo campestre  
(*Acer campestre*)



Detalle dos froitos  
do capudre



Cabalos pastando en  
Chans de Cela

## Plantación mixta na área recreativa de Chans de Cela e Alto da Telleira

Na area recreativa de Chans de Cela estableceuse unha repoboación con distintas especies autóctonas e exóticas coa finalidade de ornamentar un espazo destinado a recreo e espaxamento da poboación arredor do campo de fútbol. Nestas repoboacións utilizáronse pradairos campestres (*Acer campestre*), bidueiros (*Betula pendula*), liquidámbar (*Liquidambar styraciflua*), glicinia (*Wisteria sinensis*), hortensia (*Hydrangea macrophylla*), margaridas amarelas (*Euryops chrysanthemoides*), cintas (*Clorophytum comosum* 'Variegatum'), aloes arbóreos (*Aloe arborescens*) e capudres (*Sorbus aucuparia*).

No Alto da Telleira, en Chans de Cela, tamén se encontra outra pequena repoboación feita con fins ornamentais, no chamado "Miradoiro de Chans". O número de árbores no miradoiro é reducido: unha sequoia (*Sequoia sempervirens*), seis pradairos campestres (*Acer campestre*) e tres bidueiros (*Betula pubescens*).





Interior da plantación. Na imaxe apréciase a gran densidade de árbores, que deixan pasar moi pouca luz ao interior da mesma

## Plantación mixta no río Frade

A carón do río Frade, por debaixo de Estripeiro, hai algunhas parcelas repoboadas con chopos híbridos (*Populus x canadensis*), noceiras americanas (*Juglans nigra*) e castiñeiros híbridos (*Castanea x coudercii*), nas que tamén aparece algún plátano de sombra (*Platanus x acerifolia*). A maior parte dos exemplares superan os 20 metros de altura. A pesar da ausencia de labores culturais posteriores á plantación, como podas e claras, as árbores teñen boa poda natural, polo que as primeiras ramas se sitúan a gran altura.

A espesura no interior da formación é moi elevada e no sotobosque tan só medran unhas poucas especies resistentes á sombra, como anxélica (*Angelica sylvestris*), onfalodes (*Omphalodes nitida*), pé de boi (*Oenanthe crocata*),



1. Floración da espírea


2. Fermosa floración dos eupatorios (*Eupatorium cannabinum*) no interior da plantación

3. Froito da noceira negra (*Juglans nigra*)

pé de oso (*Heracleum sphondylium*), sanguíños (*Frangula alnus*), herba de San Roberto (*Geranium robertianum*), eupatorios (*Eupatorium cannabinum*) ou o fento macho (*Dryopteris affinis*).

Nos bordes da repoboación atópanse varias especies ornamentais formando unha curiosa estampa a carón do bosque de ribeira, entre elas espíreas (*Spiraea cantoniensis*), madreselva (*Lonicera nitida*), abetos de nadal (*Picea abies*) e ata hortensias (*Hydrangea macrophylla*).





## Sequoias de Massó

A sequoia vermella é das árbores máis lonxevas e altas do planeta, podendo chegar a medir 115 metros de altura e 5 m de diámetro. Ten importancia madeireira e cultívase como árbore de enfeite en parques e xardíns. É orixinaria de América do Norte.

Na finca Forqueiros, en Beluso, atopamos un conxunto formado por 9 sequoias de grandes dimensións, aínda que son as dúas situadas na entrada as que destacan entre as demais. Foron plantadas en forma de avenida ou dobre aliñación aos lados do camiño de acceso ao predio, e aínda que en principio plantáronse máis exemplares só nove chegaron aos nosos días. Algúns exemplares superan os 54 metros de altura e amosan troncos de grandes dimensións, moi ensanchados na base, con perímetros superiores a



cinco metros á altura do peito, non comezan a ramificar ata bastante altura, permitindo o paso baixo as súas copas. Teñen perfil piramidal e moi regular.

Segundo a información facilitada polos seus netos, as sequoias foron plantadas en 1932 por Antonio Massó, e procedían de sementes que el mesmo trouxo dos Estados Unidos, a onde se desprazou para ampliar os seus estudos en Monterrei, aproveitando a estadía para coñecer o país. Un dos lugares elixidos na súa vista foi o Parque Nacional de Yellowstone, situado entre os estados de Wyoming, Idaho e Montana, xunto á cordilleira das Montañas Rochosas. Ao parecer as sementes viñeron escondidas entre os seus calcetíns, pois naquela época estaba prohibido sacalas dos Estados Unidos. Decidiu plantar as sequoias na Finca Forqueiros, na que hoxe, acompañando ás sequoias, é posible contemplar outras árbores de grandes dimensións, como robles australianos (*Eucalyptus obliqua*), Ocote ou piñeiro mexicano (*Pinus patula*), Sugi ou cedro xaponés (*Cryptomeria japonica*), cedro do Atlas (*Cedrus atlantica*) ou faia (*Fagus sylvatica*), entre outras.




Abelao  
(*Hypericum  
androsaemum*)

## ENTORNOS FLUVIAIS

Na contorna dos cursos de auga, ríos e arroyos, aparece un tipo de vexetación moi característica, fiel a estes ambientes: son os bosques en galería, ripisilvas, bosques riparios ou bosque de ribeira. Son formacións arbóreas caducifolias nas que domina o amieiro (*Alnus glutinosa*). Albergan unha elevada diversidade biolóxica e son os de maior riqueza florística do noso territorio, pois xunto ao amieiro, conviven outras árbores como freixos de folla estreita (*Fraxinus angustifolia*), carballos (*Quercus robur*), bidueiros (*Betula pubescens*) ou salgueiros cincentos (*Salix atrocinerea*), creando soto-bosques de escasa luminosidade onde son abundantes as plantas esixentes en humidade do chan, como o lirio amarelo (*Iris pseudacorus*), a dulcamara (*Solanum dulcamara*), o abelao (*Hypericum androsaemum*) ou diversos





Píntega (*Salamandra salamandra*), nun prado húmido a carón do Rego da Pena

tipos de fentos, como a fentalla (*Polystichum setiferum*), fento femia (*Athyrium filix-femina*) ou o fento real ou dentabrú (*Osmunda regalis*). Entre os arbustos, son frecuentes a abeleira (*Corylus avellana*), o sabugueiro (*Sambucus nigra*), o loureiro (*Laurus nobilis*), ou o sanguíño (*Frangula alnus*).

Estes bosques desenvólvense sobre os chans de veiga máis húmidos, con asolagamento temporal, xa que a supervivencia da especie dominante, o amieiro, está condicionada xeralmente a que as súas raíces atópanse mergulladas na auga de maneira case permanente. Frecuentemente, os ameneirais aparecen formando bosques lineais de escasa anchura. Nos excelentes chans de veiga, profundos, ricos e altamente produtivos, os bosques de ribeira foron eliminados de forma xeneralizada e substituídos por prados e cultivos.



Lirio amarelo  
(*Iris pseudacorus*)

Son bosques de gran importancia ecolóxica pois regulan a temperatura das augas, estabilizan as ribeiras, as raíces e os froitos das árbores serven de refuxio e alimento para a fauna acuática, son filtros verdes que impiden a chegada aos leitos de augas contaminadas.... A pesar diso talláronse en moitos casos, aproveitando os seus fértiles chans para cultivos agrícolas ou favorecendo a instalación de prados seminaturais.

O principal curso de auga que transcorre polo concello de Bueu ten diferentes nomes segundo a zona na que nos atopemos. Deste xeito, desde a desembocadura na Banda do Río ata o lugar de Trasouto, o río é coñecido como Río Bispo. Neste lugar o río divídese en dous, e mentres que o rego que sube cara A Portela recibe o nome de Rego da Portela, o que vai cara Ermelo cambia de denominación segundo o lugar onde nos atopemos: ata o lugar de Canudo recibe o nome de Rego do Canudo ou Rego de Trasouto, e a partir deste lugar é coñecido como Río Frade.



Río Bispo no tramo urbano



Rabo de cabalo (*Equisetum telmateia*) a carón do río Bispo no tramo urbano

## Río Bispo

Para a súa descrición neste traballo, imos a considerar o Río Bispo como o río que nace na Portela e desemboca na Banda do Río.

Durante o seu tramo urbano, por debaixo do lugar de Trasouto, alternan as zonas con abundante vexetación autóctona de ribeira con outras nas que a presión antrópica, sobre todo representada por campos de labor abandonados na actualidade, limita o crecemento da vexetación característica das marxes do río. As especies arbóreas aparecen ben representadas por ameñeiros (*Alnus glutinosa*) e salgueiros (*Salix atrocinerea*), acompañados por carballos (*Quercus robur*) e loureiros (*Laurus nobilis*) en franxas algo máis alonxadas do leito. Tamén hai algunhas froiteiras como nogueiras (*Juglans regia*) e pexegueiros (*Prunus persica*). Competindo coa vexetación herbácea da ribeira tamén aparecen algunhas especies exóticas invasoras como a cala (*Zantedeschia aethiopica*) ou a cana (*Canna edulis*). Neste tramo urbano do río é posible observar lavancos (*Anas platyrhynchos*) e na marxe do campo de fútbol atópase unha pequena pero interesante poboación de rabo de cabalo (*Equisetum telmateia*).



Femia de lavanco (*Anas platyrhynchos*) no tramo urbano do Río Bispo

Desde Trasouto ata a Portela o rego transcorre estreito, con augas de pouco vagar e rodeado de fermosas formacións de ribeira dominadas en moitas zonas por abeleiras (*Corylus avellana*) de grandes dimensións, acompañadas por loureiros, carballos e incluso algún chopo (*Populus x canadensis*). O chan aparece completamente cuberto por hedra (*Hedera hibernica*) aínda que en ocasións tamén o amor de home (*Tradescantia fluminensis*) amosa as súas flores brancas no tapiz herbáceo. Nas zonas máis próximas ao rego aparecen outras plantas, como a lingua de cervo (*Phyllitis scolopendrium*), rechamante fento coas follas sen dividir, acompañado polo fento

Pequenas crías de lavanco (*Anas platyrhynchos*) nun tramo urbano do río





Tramo estreito do río, preto do seu nacemento, onde aínda é coñecido como Rego da Portela



Abeleira de grandes dimensións na marxe do río

femia (*Athyrium filix-femina*), o pé de boi (*Oenanthe crocata*), a herba dos encantos (*Circaea lutetiana*), a douradiña (*Chrysosplenium oppositifolium*), as aleluas (*Oxalis acetosella*), a xilbardeira (*Ruscus aculeatus*) ou a fermosa composta *Crepis lampanoides*. Esta vexetación sitúase nas amplas veigas arredor do río, que no pasado estiveron cubertas por prados e outros cultivos de orixe humana. A pouca distancia atópanse os eucaliptais, exercendo unha gran presión sobre este tipo de vexetación, á que pouco a pouco van quitando espazo nas marxes do río.



Fermosa corredeira a carón do río no lugar de Trasouto



Tramo urbano do río



Douradiña  
(*Chrysosplenium  
oppositifolium*),  
no tramo medio  
do río

Tramo do camiño a carón do río no lugar de Casela

## Río Frade

Para a súa descrición neste traballo, imos a considerar o Río Frade desde o seu nacemento en Ermelo ata a súa unión co Río Bispo.

Trátase dun río angosto e moi pechado no que a vexetación de ribeira chega practicamente ata o propio leito. No estrato arbóreo destaca a presenza das árbores características deste tipo de formacións, como ameneiros (*Alnus glutinosa*), salgueiros (*Salix atrocinerea*) ou bidueiros (*Betula pubescens*), aínda que chama a atención o escaso número de abeleiras (*Corylus avellana*) ao longo de todo o percorrido do río. Tamén hai outras especies representativas das carballeiras costeiras, como castiñeiros híbridos (*Castanea x coudercii*), carballos (*Quercus robur*) ou loureiros (*Laurus nobilis*), non faltando en varias zonas as especies exóticas, como os eucaliptos (*Eucalyptus globulus*), falsas acacias (*Robinia pseudoacacia*) ou as acacias negras (*Acacia melanoxylon*).

No estrato ou dosel arbustivo atopamos estripeiros (*Crataegus monogyna*), sabugueiros (*Sambucus nigra*) e sanguíños (*Frangula alnus*). O grupo das plantas herbáceas é o que conta con maior diversidade de especies, como é normal, aparecendo, entre outras o pé de boi (*Oenanthe crocata*), pé de oso (*Heracleum sphondylium*), leiteiriña (*Euphorbia dulcis*), chuchamel (*Lonicera periclymenum*), silvas (*Rubus ulmifolius*), herba dos encantos



Fenta (*Blechnum spicant*) na marxe do río Frade

Pequena ferverenza a carón dun muíño abandonado

(*Circaea lutetiana*), herba do concho (*Scrophularia auriculata*), amorodos (*Fragaria vesca*), onfalodes (*Omphalodes nitida*), douradiña (*Chrysosplenium oppositifolium*), abelao (*Hypericum androsaemum*), herba caraveleira (*Geum urbanum*), herba de San Roberto (*Geranium robertianum*), herba dos pitos (*Aquilegia vulgaris*), dedaleira (*Digitalis purpurea*) ou aleluia (*Oxalis acetosella*). Dentro deste grupo de plantas herbáceas tamén abundan os fentos, amplamente representados pola fenta (*Blechnum spicant*), fento macho (*Dryopteris affinis*), fento macho grande (*Dryopteris dilatata*), fentalla (*Polystichum setiferum*), fento real ou dentabré (*Osmunda regalis*) ou lingua de cervo (*Phyllitis scolopendrium*).

Ademais das especies exóticas arbóreas xa nomeadas, aparecen outras como tritonía (*Crocossia × crocosmiiflora*), a carón da fonte de Casela, e a herba da Pampa (*Cortaderia selloana*) en algún tramo do percorrido ata Ermelo.

Nos chans enchoupados arredor do río, baixo as follas caídas das árbores, tamén é posible observar a salamántiga rabilonga (*Chioglossa lusitanica*).



Salamántiga rabilonga (*Chioglossa lusitanica*)



Nacente do Rego da Pena, no lugar coñecido como Devesa Nova

## Rego da Pena

A área do seu nacemento, en Chans de Cela, é coñecida como Devesa Nova. Trátase dun terreo chan (quizais de aí ven o seu topónimo) e enchoupado no linde co veciño concello de Marín. Esta divisoria está ben marcada con pedras de grandes dimensións fincadas no solo. A orografía do terreo, moi chan, e o escaso caudal do rego, representado no seu nacemento por varios fíos de auga, facilitan a instalación de plantas características de ameñeirais pantanosos, onde o ameneiro (*Alnus glutinosa*), o bidueiro (*Betula pubescens*), con algúns exemplares de grandes dimensións, e os salgueiros (*Salix atrocinerea*) son as árbores dominantes.

O elemento arbustivo aparece representado por pereiras bravas (*Pyrus cordata*) e sanguíños (*Frangula alnus*), mentres que as lianas tamén son abundantes, como o chuchamel (*Lonicera periclymenum*), as silvas (*Rubus ulmifolius*) ou as hedras (*Hedera hibernica*). Por debaixo, hai un rico estrato herbáceo dominado polos cárices xigantes, como *Carex paniculata* subsp. *paniculata*, espigas de auga (*Potamogeton polygonifolius*) dentro dos regos, violetas (*Viola palustris*), xuncos (*Juncus effusus*), *Peucedanum lancifolium* e numerosas especies de fentos, como fento femia (*Athyrium filix-femina*), fento aguia (*Pteridium aquilinum*), fenta (*Blechnum spicant*), *Dryopteris dilatata*, ou *D. affinis*. A alta humidade ambiental tamén aparece reflexada nos troncos das árbores, cubertos por brións e liques.






Exemplares de abeleira (esquerda) e salgueiro (dereita) de grandes dimensións a carón do rego

O rego comeza ao deixar Chans nunha baixada con tramos de gran pendente, onde é posible observar pequenas fervenzas que lle confiren ao espazo gran fermosura e un halo como máxico. Nas zonas con relevo máis suave é posible a instalación de plantas como cárcamos (*Primula acaulis* subsp. *acaulis*), xaro (*Arum italicum*), pé de oso (*Heracleum sphondylium*), herba dos encantos (*Circaea lutetiana*), aleluia (*Oxalis acetosella*), herba de San Roberto (*Geran-*



Machos de gaiteiriño (*Calopteryx virgo*) sobre silvas no nacente do rego

*anium robertianum*), eupatorios (*Eupatorium cannabinum*), herba do concho (*Scrophularia auriculata*) e fentos como a lingua de cervo (*Phyllitis scolopendrium*), fentalla (*Polystichum setiferum*), mentres que no estrato arbóreo a vexetación está representada nestas zonas por loureiros (*Laurus nobilis*), castiñeiros (*Castanea sativa*), carballos (*Quercus robur*) e sabugueiros (*Sambucus nigra*), non faltando as especies exóticas, como eucaliptos (*Eucalyptus globulus*), falsas acacias (*Robi-*



Pequeno salto ou ferverza baixo  
Chans de Cela

nia *pseudoacacia*), as acacias negras (*Acacia melanoxylon*) ou, no estrato herbáceo, a tritonia (*Crocasmia × crocosmiiflora*) e o amor de home (*Tradescantia fluminensis*).

Un dos tesouros mellor gardados do Rego da Pena é, sen dúbida, unha pequena pero moi interesante poboación do fentiño *Vandenboschia speciosa*, recollido no anexo II (taxóns e poboacións catalogadas “vulnerables”) do Catálogo galego de especies ameazadas.

Nas zonas de veigas arredor do río aparecen numeroso pasteiros que aproveitan as condicións de humidade e fertili-



*Vandenboschia speciosa*  
no Rego da Pena

dade no chan e nos que a composición florística varía polos aproveitamentos e tratamentos que secularmente se teñen levado a cabo neles. Deste xeito, son frecuentes cabaciñas (*Silene latifolia*), mentraste (*Mentha suaveolens*), pé de boi (*Oenanthe crocata*), lesta (*Anthoxanthum odoratum*), herba de ouro (*Ranunculus repens*), dáctilo (*Dactylis glomerata*), pé de galiña (*Fumaria muralis*), estrugas (*Urtica dioica*), saltasebes (*Calystegia sepium*), labaza (*Rumex obtusifolius*) e anxélica (*Angelica sylvestris*).



Zona estreita  
no rego onde  
a auga baixa  
con máis forza

## PAISAXE AGRARIA

A paisaxe de Bueu, do mesmo xeito que a do resto de Galicia, foi fortemente modificada desde tempos antigos pola presenza humana, de modo que o escenario que nos atopamos hoxe en día ten pouco que ver co orixinal. A conformación da paisaxe tradicional da Galicia rural está basicamente finalizada ao redor do século XII e permanece case sen cambios ata os anos setenta do século pasado. Dicimos case sen cambios, aínda que os houbo, xa que a paisaxe non é unha realidade estática, imaxinemos o que supuxo a introdución de cultivos americanos como o millo e a pataca con posterioridade ao século XVI. A paisaxe está en constante evolución e, en moitas ocasións faino de forma brusca debido á acción humana, e aínda que a acción antrópica comeza nas épocas prehistóricas, a maior parte da información existente é dos últimos séculos, cando factores diversos, como os seguintes, foron causantes da transformación da paisaxe:

- 🍏 A fertilización, no pasado cos excrementos do gando ou mediante abonado verde, enterrando determinados cultivos ou plantas leguminosas como toxos e xestas traídas do monte, que provocou un cambio na composición do chan favorecendo a unhas especies sobre outras.



Moreas de esterco preparadas para ser distribuídas no cultivo

- 🍏 O control do crecemento da vexetación, que se efectuou por unha banda polo pastoreo do gando e por outra polas curtas para leña e cama de gando, que afectaban a algunhas árbores e a toxos e xestas principalmente.
- 🍏 A ocupación de terras fértiles con cultivos e pasteiros ou, en menor medida, polos asentamentos humanos, provocaron unha diminución da superficie ocupada por vexetación autóctona.
- 🍏 O lume foi outro elemento de transformación paisaxística, desde as queimas para conseguir superficie para pastos ata os incendios forestais.
- 🍏 A introdución de especies exóticas, desde as introducidas cos cultivos hortícolas ata as repoboacións forestais masivas con piñeiros e eucaliptos, dende mediados do século XX, e o espallamento de outras como acacias, foi determinante na modificación da paisaxe vexetal.



Pataca (*Solanum tuberosum*). A pesar de ser introducida na Península Ibérica en 1573, o seu uso non foi frecuente ata os séculos XVIII e XIX

A paisaxe tradicional da Galicia costeira caracterizábase, entre outras cousas, pola sucesión de pisos ecolóxicos: terreo non cultivado nas cristas ou zonas máis elevadas dos montes, áreas de aproveitamento forestal nas terras altas, bosques naturais na transición entre estas e as terras baixas, aldeas a media ladeira, leiras e campos próximos ás vivendas, a continuación

bosques nos tramos inferiores das vertentes, pastos húmidos na base do val e bosque húmido nas ribeiras dos ríos. A pesar de que a escala altitudinal de Bueu non permite distinguir de forma clara esta sucesión ecolóxica, aínda se conservan algúns espazos que albergan mostras do que foi ata hai poucas décadas a paisaxe agroforestal de Bueu.



Fermosa  
floración  
da pataca


Escaravelo da pataca (*Leptinotarsa decemlineata*). Este escaravelo foi un verdadeiro azoute para os cultivos de pataca (*Solanum tuberosum*) durante todo o século XIX e ben entrado o XX. É orixinario do oeste dos Estados Unidos e en 1785 foi introducido en Francia, despois estendeuse con rapidez por toda Europa. Tanto os adultos como as larvas aliméntanse das partes aéreas das plantas, pero as larvas resultan especialmente perigosas pola súa voracidade sen límites



Branquiña da col (*Pieris rapae*).  
Bolboreta frecuente en hortos, bordos de camiños, terreos abertos e zonas urbanas, sendo unha das bolboretas máis comúns en Europa

## Os amigos do agricultor

Tamén coñecidos en agricultura ecolóxica como fauna útil (expresión sobre a que hai que deterse un pouco, xa que podería entenderse que hai fauna inútil). En realidade, o ser humano clasifica aos animais do campo en prexudiciais ou pragas e os útiles ou auxiliares, que realmente son os que utiliza para o control destas pragas. Cando unha praga aparece nun determinado lugar, hai varios métodos de loita contra a mesma, entre os que deberían destacar os medios de loita biolóxica, sobre todo recorrendo a “inimigos” que se atopen de forma natural na mesma área. Nas zonas agrícolas de Bueu atopamos varios animais que nos serven de exemplo para visualizar esta loita biolóxica e natural, como os que citamos a continuación.



A xoaniña ou mariquiña (*Coccinella septempunctata*) é un voraz devorador de insectos, sobre todo pulgóns e cochinillas, tanto en estado de larva como de adultos, polo cal se utiliza na loita biolóxica contra estes pequenos insectos que a miúdo son unha praga para a agricultura. Comprobase que unha larva de xoaniña pode comerse ao longo do seu desenvolvemento máis de 3.000 pulgóns



Xoaniña de catorce puntos (*Propylea quatuordecimpunctata*). Úsanse comercialmente para o control de pulgóns en diversas plantas. As femias poden poñer ata catrocentos ovos e as súas larvas son moi activas e poden moverse bastante rápido, capturando pulgóns



Cobra de escada (*Rhinechis scalaris*). Trátase dunha cobra con diferencias moi notables entre os exemplares novos e os adultos. Os novos posúen o deseño de escada que da nome á especie, consistente en dúas franxas lonxitudinais atravesadas por outras transversais. Os adultos perden os “pasos” (liñas transversais) conservando unicamente as liñas lonxitudinais. A presenza desta cobra é importante xa que mantén baixo control as poboacións de toupas e outros pequenos roedores prexudiciais para os cultivos



Escáncer común (*Anguis fragilis*). Adoita vivir solitario baixo as pedras, follas ou troncos caídos que se atopan espallados nos campos de herba, claros de bosques e lugares de matoqueira. Aliméntase principalmente de larvas de insectos, caracois e limacos, sendo un fiel aliado dos agricultores



Ourizo cacho (*Erinaceus europaeus*). Sen dúbida estamos ante un bo amigo dos agricultores pois gran parte da súa dieta está composta por invertebrados de todo tipo, principalmente insectos, lesmas, caracois e miñocas. Pode atoparse nunha grande variedade de hábitats, desde zonas abertas ata bosques densos. Nas fincas agrícolas vese favorecido pola presenza de sebes vivas, que lles proporcionan refuxio e protección



Ferreiriño real (*Parus major*). Ave insectívora pequena, moi rechamante e doadamente recoñecible pola garabata de cor negra moi destacada sobre o peito e ventre amarelos, que contrasta co azul das ás e a cola. Coloniza con facilidade zonas axardinadas e parques urbanos. No monte consome moitos insectos e as súas larvas, defendendo os piñeirais e outras masas forestais destas pragas



Sapo común (*Bufo bufo*). Trátase dun animal de costumes nocturnos, moi activo en días húmidos, sobre todo despois das choivas, aínda que tamén se lle pode avistar en horas diúrnas. Antigamente existía a crenza popular de que estes sapos poden proxectar veneno pero, aínda que contan con glándulas que poden producir secrecións venenosas, o certo é que non revisten perigo para o ser humano. Os sapos aliméntanse de escaravellos, formigas, cempés e larvas de insectos que nalgúns casos son prexudiciais para os cultivos



Larva de Vagalume (*Lampyris iberica*). Ademais da súa rechamante luz nocturna, os vagalumes aportan moitos beneficios aos agricultores, xa que se trata de depredadores especializados que se alimentan basicamente de caracois de pequeno tamaño, que forman parte da dieta das larvas nos seus primeiros estadios. Estes insectos parecen estar en decadencia en Galicia



## Vexetación asociada ao ser humano (nitrófila e viaria)

Trátase dun tipo de vexetación que ten preferencia polos medios ricos en nitróxeno, tanto a que medra nos cultivos como a que habita en zonas alteradas polo ser humano, como bordos de camiños, recheos ou zonas próximas a construcións. A alta concentración de nitróxeno débese normalmente á acumulación de residuos orgánicos ou ao abonado de terras. Nestas zonas adoitan atoparse especies exóticas invasoras, como as vinagretas (*Oxalis pes-caprae* e *O. purpurea*), o té de horta (*Bidens aurea*), o eixerón (*Conyza canadensis*) ou a pequena herba *Sporobolus indicus*, mesturadas con plantas autóctonas oportunistas, pioneiras e nitrófilas, entre as que atopamos o fiuncho (*Foeniculum vulgare*), as silvas (*Rubus ulmifolius*), a lingua de ovella (*Plantago lanceolata*), as estrugas (*Urtica dioica*) ou o xeranio dos camiños (*Geranium molle*).



Fiuncho (*Foeniculum vulgare*) e eixerón (*Conyza canadensis*) entre unha viña e un campo de labor, aproveitando o laboreo e o abonado do chan para desenvolverse



Antigos campos de cultivo en Ermelo. En medio, no primeiro plano, hai unha plantación de froiteiras (maceiras e pereiras), á dereita da imaxe apréciase unha plantación de castiñeiros, e á esquerda unha plantación de cerdeiras, mentres que de fondo se mira a vexetación espontánea, neste caso salgueiros, invadindo as veigas abandonadas

Vinagreta púrpura (*Oxalis purpurea*), pequena planta bulbosa procedente de Sudáfrica presente en antigos campos de cultivo na illa de Ons



Té de horta (*Bidens aurea*). Planta cada vez máis común nas beiras dos camiños e cultivos abandonados



Fermoso campo  
de pampullos  
(*Coleostephus myconis*)  
en Ancoradouro



## Diminutos habitantes nos nosos campos, os insectos

Cando pensamos en insectos con frecuencia vénnos á mente todo o dano e a molestia que nos causan: as picaduras dos mosquitos, o veneno que inxectan as avespas e abellas co seu aguillón e o dano que causan en estruturas de madeira, aos cultivos ornamentais, agrícolas e forestais e aos alimentos almacenados. Con todo, o grupo dos insectos é un dos máis importantes do planeta e o máis diverso entre os seres vivos. A maioría son diminutos ou pequenos (miden tan só uns poucos milímetros) e pasan inadvertidos para as persoas, pero cando nos paramos a observar un intre a nosa contorna enseguida apreciamos a enorme cantidade e diversidade que hai a rentes do chan.

Ademais das xoaniñas e vagalumes que se citaron no apartado “os amigos do agricultor”, na paisaxe agroforestal do concello de Bueu podemos encontrar outros insectos como os seguintes.



Calimorfa (*Euplagia quadripunctaria*). Tamén coñecida como bolboreta tigre polas raias brancas sobre fondo negro das súas ás anteriores. Trátase dunha bolboreta moi activa durante o crepúsculo, cando é atraída pola luz, aínda que tamén se deixa ver de día, preferentemente en ambientes húmidos como bosques de ribeira, prados e lugares humanizados.

As eirugas teñen tamén cores vivas e pelos urticantes. Aliméntanse de estrugas e outras especies vexetais



Chinche adornada (*Eurydema ornata*). Chinche de aspecto robusto, corpo ancho e aplanado e cabeza en forma de triángulo dirixido cara adiante. Está provista de glándulas odoríferas cuxas secrecións son dun cheiro particularmente acre e desagradable, que liberan cando se senten ameazadas. Aliméntanse succionando o mollo das plantas sobre as que viven, neste caso atópase sobre a flor dun pampullo (*Coleostephus myconis*)

Escaravello do sudario (*Oxythyrea funesta*) sobre unha flor de pe de boi (*Oenanthe crocata*). Insectos frecuentes sobre as flores a partir de mediados da primavera, xa que se alimentan de pole e, ás veces, roen os órganos florais. As larvas aliméntanse de raíces




Escaravello dos muíños ou escaravello meloideo (*Mylabris quadripunctata*). Insecto frecuente nas praderías con flores e os bordos dos camiños soleados. Durante practicamente todo o verán podemos atopalo subido nunha flor, xa que viven e dormen encima delas, aliméntanse de pole, e tamén de follas e brotes tenros

A abella europea (*Apis mellifera*), tamén coñecida como a abella doméstica ou melífera, é a especie de abella con maior distribución no mundo. Orixinaria de Europa, África e parte de Asia, foi introducida en América e Oceanía



O macaón ou bolboreta rei (*Papilio machaon*) é unha das bolboretas máis espectaculares que se poden observar no concello de Bueu. Pode atoparse en calquera sitio onde medren flores ricas en néctar, sendo frecuente observala en prados floridos, áreas abertas, marxes de camiños e xardíns. As eirugas comen plantas da familia das umbelíferas, como o fiúncho e a cenoria, son bastante grandes, podendo chegar a superar os 4 cm de lonxitude



Colias amarela (*Colias crocea*). Esta fermosa bolboreta pode atoparse en prados, zonas ruderais e camiños entre a primavera e o outono, aínda que tamén é posible observar algún exemplar nos días soleados de inverno. As súas eirugas aliméntanse de trevo, tanto do rosado (*Trifolium pratense*) coma do branco (*Tr. repens*)





Os abruñeiros (*Prunus spinosa*) son plantas comúns nas sebes e forman parte da paisaxe agraria, proporcionando refuxio e alimento á fauna

## As sebes

Gran parte dos valados para separar as distintas fincas están formados por vexetación esponxosa ou por algunhas plantas introducidas para estas separacións físicas entre leiras. Nalgunhas ocasións as sebes fórmanse deixando medrar a vexetación entre dúas fincas e cortándoa cando acada un metro de altura aproximadamente.

A pesar de que os seus beneficios son dificilmente apreciábeis nunha primeira ollada, entre as súas vantaxes podemos citar:



O estripeiro (*Crataegus monogyna*) é outra planta característica das sebes. Os seus froitos (pomos) son moi apreciados polos paxaros



**Lagarto das  
silveiras (*Lacerta  
schreiberi*), fre-  
cuente nas sebes  
do concello**

crean cataventos que protexen os cultivos e diminúen a erosión do chan, forman refuxios para a fauna útil como paxaros, ourizos, lagartos..., protexen contra o desecamento do chan, rescatan nutrientes das capas profundas a través

En moitas zonas as sebes están a ser substituídas por mallas de aramio ou redes de pesca recicladas e postes de formigón, o que dificulta o paso da fauna, diminúe a biodiversidade, elimina refuxio e alimento para moitos animais e plantas e simplifica a paisaxe agraria





das súas raíces e lévanos á superficie cando se desprenden os seus restos, protexen contra a deriva de residuos de fitosanitarios de leiras veciñas ou de pragas arrastradas polo vento, transfórmanse en “comedores” para a fauna local e, dentro dela, os insectos depredadores que se alimentan doutros insectos, controlando así pragas e enfermidades, achegan zonas de sombra diminuindo a evaporación do chan e a transpiración dos cultivos, favorecen a polinización e producen substancias aromáticas tanto repelentes como atraentes de insectos. Ademais, aportan diversidade cromática na paisaxe e, en moitos casos, son o banco de sementes das especies autóctonas que colonizan os campos de cultivo unha vez que estes son abandonados, circunstancia que cada vez se está a producir máis na nosa contorna.

Paporrubio (*Erithacus rubecula*). Trátase dun dos paxaros máis coñecidos pola veciñanza, habitando en árbores e en matogueiras, desde bosques densos ata parques e xardíns, hortas e sebes. É sen dúbida una das aves insectívoras máis eficaces, sendo unha gran colaboradora dos agricultores na súa loita contra pragas





Lameiro ou prado enchoupado en Ermelo, en primeiro termo poden observarse as flores rosadas da dedaleira (*Digitalis purpurea*), mentres que ao fondo as flores brancas delatan a presenza do pé de boi (*Oenanthe crocata*), indicando maior humidade no chan

## Ermelo

A pesar da diminución da poboación rural e do abandono das actividades tradicionais, en Ermelo aínda se conserva unha boa representación da paisaxe agraria de Bueu. Os terreos de cultivo aséntanse a media ladeira, ao redor da aldea, e son os que reciben maiores coidados de abono e rega, xa que nesta zona é onde se plantaban legumes, hortalizas, patacas, froiteiras, etc.. Ao redor destas leiras de cultivo, outras de maiores dimensións eran utilizadas en ocasións para cultivos hortícolas, pero destinadas principalmente aos cereais (trigo e millo), plantas forraxeiras como nabos e froiteiras, con salgueiros formando sebes nos lindes.


Os prados que alimentan o gando sitúanse ao fondo das ladeiras de maior pendente, distinguíanse prados de secaño e prados de regadío, chamados lameiros. Nestes prados era onde pastaban as vacas que producían o leite, recurso económico vital para a economía das familias de Ermelo. As mulle-

res campesiñas (por aquel entón a maior parte dos seres humanos traballaban no mar) levantábanse moi cedo polas mañás para muxir as vacas e levar o leite a vender ao mercado, antes de entrar a traballar nas industrias conserveiras da costa, o que facía que a xornada fora moi longa e moi dura. O camiño entre Ermelo e Bueu, ás veces a Cangas e mesmo a Moaña, realizábase case sempre a pé (cargando coas pesadas leiteiras de lata na cabeza e nas mans), ou en burro. Co tempo comezaron a facer a súa aparición os primeiros coches particulares na aldea, e mesmo o coche de liña, facilitando o labor destas familias.

Aínda que na actualidade esta harmonía entre o ser humano e a natureza vaise esvaecendo, aínda é posible atopar na paisaxe testemuñas que nos lembran unha realidade pasada na que existía unha complementariedade entre o aproveitamento intensivo do campo e o aproveitamento extensivo do monte como recurso.



Antiga corredeira entre Ermelo e o Monte Paralaia. No pasado era empregada para baixar o toxo do monte cargado nos enormes carros de bois



Fermoso campo de millo no concello

## *O millo corvo*

O millo foi unha das primeiras plantas traídas desde as Indias Occidentais por Cristobal Colón en 1493, na súa segunda viaxe, intuindo as grandes posibilidades que tiña este cereal. Con todo, nun primeiro momento non tivo a aceptación esperada para o consumo humano e foi utilizado como planta forraxeira para a alimentación do gando. Non foi ata décadas máis tarde cando comezou a cultivarse para o consumo humano, e non porque resultase moi apetecible ao gusto europeo, senón porque estaba exento de pagar os canons señoriais e tamén estaba libre dos diezmos á igrexa, motivos polos que pasou



Espigas de Millo Corvo, Branco e Vermello cultivadas en Meiro


a formar parte da dieta das clases menos favorecidas, suplindo principalmente ao millo miúdo ou “mijo” (*Panicum miliaceum*), que levaba formando parte da dieta dos galegos desde as épocas castrexas, e dándose a coñecer en Europa como “mijo de España” ou “mijo grosso”, e non polo nome de millo.

En Bueu, concretamente na parroquia de Meiro, consérvase unha variedade

única do millo, o Millo Corvo, coñecido así pola cor negra dos seus grans. Os primeiros datos que se conservan do cultivo desta peculiar variedade de millo datan do século XVII e, aínda que estivo a piques de desaparecer, desde o ano 1998 fixéronse grandes esforzos para evitar a perda deste rechamante cultivo, buscando os grans e as técnicas máis apropiadas para a súa recuperación. Actualmente celébrase unha gran festividade ao comezo de cada primavera dedicada a esta variedade que, desde o ano 2009 é considerada de interese turístico de Galicia, na que os visitantes poden realizar actividades históricas, etnográficas e gastronómicas, visitando distintos muíños nos que se realiza a moenda do gran ou degustando distintos produtos elaborados a partir da fariña deste fermoso millo, ademais de expoñer outras variedades tradicionais como o millo branco ou o vermello.



Fogaza de pan feita con fariña de Millo Corvo



Chaveiro branco  
(*Cephalanthera longifolia*)

## Orquídeas

Aínda que a maior parte das persoas asociaron sempre as orquídeas coas zonas tropicais do mundo, Bueu, e o resto de Galicia, contan cunha ampla representación de especies desta familia botánica, que seguramente pasaron desapercibidas polo reducido tamaño das súas flores e porque, a diferenza da maior parte das orquídeas tropicais, crecen no chan e non nos troncos e nas copas das árbores.

As nosas orquídeas teñen unhas estruturas subterráneas moi semellantes aos bulbos, chamadas tubérculos radicais ou rizomas, que lles permiten superar as estacións climáticas difíciles, no noso caso o inverno, para volver aparecer a parte aérea e as flores nas épocas favorables, na primavera, do mesmo xeito que no caso das plantas bulbosas.

Crista de galo miúda  
(*Serapias parviflora*)



Lengüeira  
(*Serapias lingua*)



Crista de galo grande  
(*Serapias cordigera*)



Satirión apincado  
(*Dactylorhiza maculata*)





Illote Centulo, na Illa de Ons

## ESPAZOS LITORAIS

Ao longo da costa de Bueu podemos atopar diversos ambientes como praias, dunas, illas e pequenos illotes, costas acantiladas e gran variedade de ambientes modificados pola presenza de construcións e outras alteracións de orixe humana. Esta gran diversidade de ambientes, favorece á súa vez que nos atopemos cunha flora e fauna moi diversas e ben adaptadas a estas contornas, ademais dunha gran diversidade paisaxística.





Duna e areal de Canexol, na Illa de Ons

## PRAIAS E DUNAS

Os areais costeiros conforman un hábitat de difícil colonización por parte da vexetación, pois, ademais da mobilidade e a alta salinidade do chan, a porosidade do mesmo é a causante de que sexa moi seco e pobre en nutrientes, sen esquecer a alta insolación debida á reflexión da area e a acción abrasiva do vento. Nestas condicións, estes solos son colonizados por plantas moi especializadas, acostumadas a vivir en ambientes con gran cantidade de sales (plantas halófilas) e incluso ambientes moi secos e salinos (plantas xerohalófilas).

Algunhas adaptacións a estes ambientes

- ✚ Follas engrosadas que acumulan auga e substancias nutritivas.
- ✚ Follas con cores esbrancuxadas ou azuladas que reflexan a luz, ás veces cubertas dunha fina capa de pelos a xeito de feltro (tomensosas).
- ✚ Sistema radical moi desenvolvido para poder explorar moito solo para obter auga e nutrientes.

- ✦ Presencia de bulbos.
- ✦ Rizomas subterráneos que permiten adaptarse ás modificacións do substrato.


A vexetación que se instala nos areais costeiros (praias e dunas) distribúese en fronte ou cordóns paralelos á costa, respondendo a gradientes de intensidade do vento, de salinidade e de cantidade de materia orgánica no solo. A continuación detállase a distribución ideal das plantas nos areais costeiros presentes en Galicia, e por tanto, en Bueu.

Correola das praias (*Calystegia soldanella*)




Carrasca de San Xoán (*Otanthus maritimus*)










Feo da praia  
(*Ammophila arenaria* subsp. *australis*)



Cebola das gaivotas  
(*Pancratium maritimum*)



Buño das praias (*Carex arenaria*)





## Vexetación de praias

Vexetación formada por un reducido número de plantas anuais (terófitos), que aparecen asociadas aos depósitos orgánicos de arribazón ou de procedencia humana. Este tipo de vexetación ten desaparecido en varias praias do concello pola presión humana e polos labores de retirada dos restos orgánicos arrastrados polas mareas (limpeza de praias). Nas praias de Pedrón, Canexol, Melide, Mourisca, Area de Bon ou Agrelo aínda é posible observar boas representacións destas comunidades vexetais, entre as que destacan a honquenia (*Honckenia peploides*) ou a eiruga mariña (*Cakile maritima* subsp. *integrifolia*).

Praia de Melide





Eiruga mariña na praia de Pedrón

Vexetación de praia no areal de Lagos





Vexetación de duna no areal de Melide

## *Vexetación de dunas*

A vexetación das primeiras fronteiras de dunas está habitualmente caracterizada pola presenza de pequenas plantas herbáceas, xa que nestas zonas a mobilidade do substrato e a marusía son moi importantes, polo que estas comunidades están dominadas por plantas anuais con gran resistencia á salinidade e de gran mobilidade. A primeira cintura está situada xeralmente sobre dunas móbiles novas, que presentan escasa pendente, mentres que a segunda cintura está nas partes máis altas destas dunas, na zona onde a acción do vento é maior. Por isto os sistemas radicais das especies dominantes nestas dúas cinturas son fundamentais para o dinamismo das dunas, xa que a forma e evolución das mesmas están condicionadas en gran medida pola acción fixadora destas plantas.

Nunha terceira cintura ou franxa de vexetación, ao abrigo das dunas móbiles, as condicións de salinidade e a acción abrasiva do vento diminúen, polo que a vexetación presenta maiores coberturas e estabilidade e, desde logo, unha maior diversidade.



Polígono da praia  
(*Polygonum maritimum*)



Leiteiriña (*Euphorbia paralias*).  
Planta característica nas dunas  
embrionarias


## Dunas primarias ou embrionarias

Formacións sometidas ao influxo das mareas, sobre todo cando se trata de mareas vivas, e á intensidade dos ventos. Durante os temporais de inverno soportan a chegada das ondas e un intenso movemento das areas; polo que nesta primeira cintura aparecen unhas comunidades vexetais con gran homoxeneidade en canto á composición da flora, dominadas por plantas vivaces con rizomas longos para buscar auga e nutrientes e que presentan un crecemento moi rápido para evitar que as cubra a area. Entre as especies máis características podemos citar a grama mariña (*Elytrigia juncea* subsp. *boreali-atlanticus*), especie dominante nesta parte da duna, acompañada doutras coma o polígono da praia (*Polygonum maritimum*), a leiteiriña (*Euphorbia paralias*) ou a correola das praias (*Calystegia soldanella*), de longas raíces e rechamantes flores. É posible observar boas representacións deste tipo de plantas nos areas de Canexol, Melide, Area de Bon ou Agrelo.



## Dunas secundarias ou corredores dunares

Colonizando as dunas móbiles aparecen comunidades dominadas polo barrón ou “feo da praia” (*Ammophila arenaria* subsp. *australis*), que se asentan nas cristas das dunas principais e ten unha notable importancia na estabilidade das mesmas. Nesta zona establécese un equilibrio entre a acción do vento e a acción fixadora do barrón que dá forma á crista da duna. Se se rompe a topografía da crista, o sistema radicular das plantas xa non será capaz de frea-la acción das turbulencias eólicas xurdidas. Outro factor moi importante para o mantemento desta comunidade vexetal é a existencia dun aporte continuo de area desde a fronte da praia. Acompañando ao barrón aparecen outras especies coma a carrasca de San Xoán (*Otanthus maritimus*), a artemisa ou madroa das praias (*Artemisia crithmifolia*), o cardo mariño (*Eryngium maritimum*), os paxariños amarelos (*Linaria polygalifolia* subsp. *polygalifolia*) ou a cebola das gaivotas (*Pancratium maritimum*). É posible observar representacións deste tipo de plantas nas dunas de Melide ou de Agrelo.





Rubia de mar (*Crucianella maritima*) nas dunas de Melide

## Dunas terciarias ou dunas grises

A forza do vento diminúe nesta zona polo abrigo proporcionado polas dunas secundarias, o que permite que se instalen unha maior variedade de plantas, xa que as condicións son máis favorables desta cintura, o que tamén permite un maior desenvolvemento da vexetación. Entre os vexetais que conseguen instalarse nas dunas terciarias destacan gran cantidade de musgos e líques que forman unha capa basal de coloración agrisada que contrasta coa coloración branca nas dunas primarias e secundarias, de aí o nome de dunas grises. As dunas fixas, adoitan ter unha menor pendente cás móbiles e poden acadar superficies maiores.

Como a variedade de plantas nesta banda é moi elevada, é difícil identificar as especies dominantes, pero en gran parte destas dunas podemos atopar en abundancia plantas coma *Helichrysum picardii* var. *virescens*, a rubia

de mar (*Crucianella maritima*) ou escrofularia perruna (*Scrophularia frutescens*), ademais de *Iberis procumbens* subsp. *procumbens*. É posible observar representacións deste tipo de plantas na duna de Melide, na illa de Ons.

Os ecosistemas de dunas sufriron durante anos o desenvolvemento urbano e turístico que afectou e modificou as condicións de equilibrio, alterando a dinámica sedimentaria costeira, debido á construción de infraestruturas como escolleras, portos, urbanizacións, etc., o que se uniu á extracción de area para ser usada na construción. Doutra banda, estes ecosistemas soporatan a presión de milleiros de persoas que anualmente visitan as praias para disfrutar de momentos de lecer e espaxemento. Como resultado, co paso dos anos, as dunas fóronse deteriorando e en moitos casos desaparecendo, perdendo a súa cuberta vexetal e a súa fauna, e como consecuencia a súa capacidade de protección da costa contra a erosión.

Escrofularia perruna (*Scrophularia frutescens*). Planta característica das dunas grises ou terciarias





Vista xeral da praia de Lapamán

## Praia de Lapamán

A praia de Lapamán, compartida co concello de Marín, é unha das máis visitadas do concello. Conta con algo máis de medio quilómetro de lonxitude e ten area branca e moi fina. Está franqueada en ambos lados por paredes rochosas, atopándose ao norte coa praia da Coviña, xa no veciño concello de Marín, e ao sur coa praia de Covelo. Na súa parte posterior altérganse as edificacións coas árbores de grandes dimensións, entre as que destacan os chopos híbridos (*Populus x canadensis*) que medran na súa entrada. Por debaixo deste dosel arbóreo, o noiro da parte de atrás da praia constitúe acolle un fermoso tapiz vexetal, xa que por riba dun areal costeiro atopámonos con loureiros (*Laurus nobilis*), castiñeiros (*Castanea sativa*), carballos (*Quercus robur*) e piñeiros (*Pinus pinaster*), dando unha boa mostra de ata onde chegaba a cuberta forestal antano. Nas zonas onde os noiros están representados por pequenos cantís graníticos aséntase a vexetación característica des-

te tipo de hábitats, representada nesta zona por perexil de mar (*Crithmum maritimum*), herba de namorar (*Armeria pubigera*) ou *Silene uniflora* subsp. *uniflora*, entre outras plantas características do litoral.

Aproximadamente na parte central da praia, na zona na que desemboca o rego Amieiro, dáse unha circunstancia moi peculiar, pois mesturada coa flora da praia, representada por eiruga mariña (*Cakile maritima* subsp. *integrifolia*), acelga brava (*Beta maritima*) e buño das praias (*Carex arenaria*), aparece flora característica de bosques de ribeira, como salgueiros (*Salix atrocinerea*), pé de oso (*Heracleum sphondylium*), dedaleiras (*Digitalis purpurea*), dentabrú (*Osmunda regalis*) ou eupatorios (*Eupatorium cannabinum*).

Na zona sur do areal atopamos unha pequena pero interesante poboación de honquenia (*Honckenia peploides*), acompañada por armol (*Atriplex prostrata*), seguramente a única poboación desta planta no concello se non temos as presentes no arquipélago de Ons.

Tampouco faltan na praia as especies exóticas, como capuchina (*Tropaeolum majus*), cala (*Zantedeschia aethiopica*), vinagreta (*Oxalis pes-caprae*) ou cana (*Canna indica*).



Salgueiros (*Salix atrocinerea*) caendo do noiro e aterrándose na área da praia



Poboación de honquenia (*Honckenia peploides*) no sur da praia



Rechamante flor da capuchina  
(*Tropaeolum majus*)



## Praias de Agrelo e Portomaior

Por tratarse de dúas praias unidas ambas van ser tratadas na mesma descrición.

A praia está delimitada no sur por Punta Corbeiro, unha pequena península rochosa que separa esta praia da de Loureiro, e ao norte polo Monte Gordo. Na parte posterior da praia, hai un pequeno muro de contención e medran no noiro plantas arvenses (que medra nos campos de cultivo) e ruderais (que atopamos en lugares transitados por persoas e gando, como beiras de camiño e estradas), como a leitaruga (*Sonchus oleraceus*), o trevo branco (*Trifolium repens*) ou o orxo (*Hordeum murinum*), seguramente como consecuencia da alteración do medio e da proximidade dos campos e veigas de cultivo do outro lado da estrada. Non faltan tampouco as especies exóticas, como a margarida do cabo (*Arctotheca calendula*) ou varias plantas de orixe suramericana, como o trevo acedo (*Oxalis corymbosa*) e a cebadilla (*Bromus catharticus*).

Na zona central da praia, como na veciña praia de Portomaior, hai unha importante representación de flora das dunas, pois o concello está levando a cabo actuacións para recuperar este tipo de flora con bos resultados. No recinto, delimitado con estacas e arame, xa é posible observar plantas

tan características destes hábitats como feo da praia (*Ammophila arenaria* subsp. *australis*), escrofularia perruna (*Scrophularia frutescens*), paxariños amarelos (*Linaria polygalifolia* subsp. *polygalifolia*), cardo mariño (*Eryngium maritimum*), eiruga mariña (*Cakile maritima* subsp. *integrifolia*), buño das praias (*Carex arenaria*), correola das praias (*Calystegia soldanella*) ou *Silene littorea* subsp. *littorea* entre outras. Este traballo de restauración esténdese ata a praia de Portomaior.



Margarida do cabo (*Arctotheca calendula*) e trevo acedo (*Oxalis corymbosa*) no noiro detrás da praia



*Silene littorea* subsp. *littorea*. Pequena planta anual de ata 15 cm de altura e de fermosa floración rosada, aínda que tamén é posible atopar exemplares de flores brancas

Vista parcial da zona reservada para a restauración da duna, coa praia de Portomaior e o Monte Gordo de fondo



Praia de Beluso, co  
peirao ao fondo



## Praia de Beluso

Trátase dunha praia de pequenas dimensións, con apenas 300 metros de longo e seis metros de ancho, pero de gran fermosura. A súa area é máis gorda que a de outras praias do concello, o que non lle resta atractivo e interese. Na parte posterior da praia, baixo unha pasarela de madeira, amósase unha nutrida representación de flora exótica, con elementos tan curiosos e dispares como o fento rizado ou de espada (*Nephrolepis exaltata*), de orixe tropical, a herba tintureira (*Phytolacca americana*), de norteamérica, ou a uchuva (*Physalis peruviana*), dos vales andinos de Perú e Chile. Ao mesmo tempo, no areal atópase unha pequena e fermosa mata de melga de mar (*Medicago marina*), moi escasa nos areas do concello.



Fermosa flor de uchuva  
(*Physalis peruviana*) baixo  
a pasarela de madeira



Planta de melga de mar  
(*Medicago marina*)



Praia de Mourisca, coa vexetación baixando pola area



## Praia de Mourisca

Unha boa parte da praia de Mourisca corresponde á Zona de Especial Conservación (ZEC) de Cabo Udra, polo que se trata dunha praia nun Espazo Natural Protexido. Está delimitada ao norte polo veciño areal de Tulla e ao sur polas penedías de Punta Cagadoiro.

Cardo de ribeira (*Eryngium maritimum*)  
e península do Salnés ao fondo





Fermosa floración da fabaca  
amarela (*Lupinus luteus*)

É unha praia de area moi branca e escasa pendente e na súa parte superior aparece cuberta por unha curiosa combinación de plantas herbáceas. A proximidade da contorna forestal e das construcións alteraron a distribución das plantas no areal, polo que hoxe en día atopámonos con correola das praias (*Calystegia soldanella*), buño das praias (*Carex arenaria*), cardo mariño (*Eryngium maritimum*) a cebola das gaivotas (*Pancratium maritimum*), seseli (*Seseli tortuosum*) ou a pequena composta *Leontodon taraxacoides*, na primeira liña de praia. Nas zonas máis afastadas do mar a combinación de plantas varía e comezamos a atopar vexetación máis características de solos alterados, como fabacas amarelas (*Lupinus luteus*), trevo amarelo (*Trifolium campestre*), serradelas (*Ornithopus compressus*), rabo de rato (*Lagurus ova-tus*), chantaxes (*Plantago lanceolata*), estrelamar (*Plantago coronopus*), ace-deiras (*Rumex bucephalophorus* subsp. *hispanicus*) e a margarida do cabo (*Arctotheca calendula*).

## Praia de Area de Bon



Espigas da grama mariña  
(*Elytrigia juncea* subsp.  
*boreali-atlanticus*)

## Praia de Area de Bon

Praia alongada e estreita de area branca e fina nunha contorna rural e agrícola, no que outrora abundaban os campos de cultivo, e que agora conta cunha vocación moito máis forestal, onde as repoboacións case tocan o mar. A praia está totalmente rodeada de rochas e, aínda que se pode considerar ventosa, as súas augas son moi tranquilas.

Na zona sur da praia, cara a punta do Bon, desemboca un pequeno rego que chega á praia entubado. Nas súas marxes atópase unha rica representación de flora de ribeira, entra a que podemos citar amieiros (*Alnus glutinosa*) de pouca altura, salgueiros (*Salix atrocinerea*), pé de boi (*Oenanthe crocata*), adelfillas (*Epilobium parviflorum*) ou lirios amarelos (*Iris pseudacorus*). Tamén hai espazo para algunhas curiosidades, como o prixel de mar (*Crithmum maritimum*) nacendo baixo os pés dos salgueiros. E como non podía ser doutra forma, tamén hai espazo para as especies exóticas, como o bonetero do Xapón (*Euonymus japonicus*), o alfaneiro (*Ligustrum ovalifolium*), o gramón (*Stenotaphrum secundatum*), a tritonía (*Crocsmia × crocosmiflora*) ou *Bidens frondosa*.

Cara a metade da praia hai unha pequena superficie dedicada a restauración da duna, no que unhas estacas verticais, atravesadas por dúas liñas de arame, delimitan un pequeno espazo non accesible para as persoas e no

que as plantas de praia e duna teñen un lugar no que recuperarse da presión á que foron sometidas polos usuarios da praia durante anos. Neste espazo medran plantas tan interesantes como a escrofularia perruna (*Scrophularia frutescens*), paxariños amarelos (*Linaria polygalifolia* subsp. *polygalifolia*), cardo mariño (*Eryngium maritimum*), eiruga mariña (*Cakile maritima* subsp. *integrifolia*), buño das praias (*Carex arenaria*), correola das praias (*Calystegia soldanella*), grama mariña (*Elytrigia juncea* subsp. *boreali-atlanticus*), polígono da praia (*Polygonum maritimum*), leiteiriña (*Euphorbia paralias*), rabo de rato (*Lagurus ovatus*), chantaxes (*Plantago lanceolata*), acedeiras (*Rumex bucephalophorus* subsp. *hispanicus*), acelga brava (*Beta maritima*), cebola das gaivotas (*Pancratium maritimum*), artemisa ou mardoa das praias (*Artemisia crithmifolia*), estrelamar (*Plantago coronopus*), alfileiriño de pastor (*Erodium cicutarium* subsp. *bipinnatum*), herba do garrotillo (*Anagallis arvensis*), mapoula das praias (*Glaucium flavum*), melga de mar (*Medicago marina*), silene (*Silene scabrifolia*), anchusa (*Anchusa calcarea*), allo de cigoña (*Allium sphaerocephalon*), trevo (*Trifolium campestre*), valeriana española (*Centranthus calcitrapae*), seseli (*Seseli tortuosum*) ou *Anthylis vulneraria* subsp. *iberica*, en compañía da exótica margarida do cabo (*Arctotheca calendula*).



Fermosa floración da mapoula das praias (*Glaucium flavum*)

Delimitación do sistema de duna en recuperación



# A planta dos mariñeiros de ultramar

## Prixe de mar (*Crithmum maritimum*)

Desde a antigüidade, pobos como os gregos, os romanos e os exipcios documentaron o escorbuto, unha espantosa enfermidade da que morrían os mariñeiros nas súas longas viaxes polo mar. Diversos estudos sinalan que había determinados factores que favorecían a aparición da doenza entre unha tripulación que estaba moito tempo sen desembarcar en terra: estar nun clima húmido, o consumo de auga corrompida, a excesiva fatiga da viaxe, e, sobre todo, a falta vexetais frescos, fonte de vitamina C.

Nunha das travesías de Colón, uns mariñeiros con escorbuto, sabedores do seu destino, pediron ao capitán que os deixase nunha illa para morrer con dignidade. Tempo despois, ao pasar a nave outra vez pola illa no seu regreso, viron con sorpresa que aqueles mariñeiros que abandonaran á súa sorte seguían vivos e estaban completamente recuperados. O motivo da súa “milagrosa” recuperación non foi outro que o de alimentarse con vexetais frescos, entre eles o perexil de mar. De feito, ao crer a tripulación que era un auténtico milagre, bautizaron á illa como Curazao (curación). Despois daquilo os antigos navegantes levaban follas de prixe de mar en conserva (en sal e vinagre) para loitar contra esa terrible enfermidade.



Cantil costeiro en Cabo Udra  
desde a praia de Pedrón



## CANTÍS COSTEIROS

Unha parte importante da costa de Bueu está formada por cantís costeiros, sobre todo no litoral de Cabo Udra e nas Illas de Ons e Onza. Trátase de cantís formados sobre granitos que ofrecen con frecuencia perfís suaves, de contorna case convexa, con abundancia de penedías con formas redondeadas, moi traballadas polo mar. Estes hábitats están colonizados por unha flora e unha fauna moi especializadas, xa que as condicións nestas franxas


costeiras son moi duras e requiren dunha gran adaptación por parte dos organismos vivos.

A vexetación dos cantís está condicionada pola influencia do mar, que se reflicte en dous factores básicos: a salinidade proveniente de



Penedías en Punta Cagadoiro (Cabo Udra)  
con formas redondeadas. No fondo  
a praia de Tulla

Zonificación xenérica  
da vexetación nos cantís  
costeiros



salpicaduras ou do avance da auga do mar e a acción mecánica das ondas. Estes factores condicionan a disposición da vexetación en cinturas que se sitúan a distintas distancias da liña de costa. En xeral son tres as cinturas que se poden apreciar, polo menos nun acantilado ideal, onde a influencia do mar diminúe coa distancia ao mesmo. Na realidade, a zonificación desta vexetación é máis confusa, xa que depende de moitos factores topográficos, xeomorfolóxicos ou microclimáticos (dirección dos ventos, pendente, orientación, etc.). Inflúen, ademais, as colonias de nidificación de aves mariñas, principalmente gaivotas, que enriquecen o substrato en substancias fertilizantes, ao tempo que o alteran cando pisan, escarvan e recollen material vexetal para a construción dos seus niños, provocando cambios nas comunidades vexetais.

Nos cantís de Cabo Udra e, sobre todo, das illas de Ons e Onza, distínguense varias cinturas de vexetación segundo a súa proximidade ao mar.

Niño de corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*) na zona máis baixa dos cantís na illa de Ons

Niño de gaivota patiamarela (*Larus michahellis*) nos cantís da illa de Ons



## Zonas máis baixas dos cantís

Vexetación das zonas de rompente, salpicadas pola bravura do mar, e onde, por mor das súas fortes batidas durante os temporais, non existen posibilidades de establecemento de solos, a excepción de certas fendas e gretas, onde se poden acumular restos orgánicos e inorgánicos. As plantas que medran nesta franxa son capaces de soportar a salinidade ambiental (halofilia) e de vivir en fendas (casmófitos). Constitúen comunidades abertas, de baixa cobertura, caracterizadas pola presenza de plantas de follas carnosas (plantas crasas) ou en roseta basal, aínda que tamén aparecen outras especies características das cinturas superiores.

Herba de namorar (*Armeria pubigera* subsp. *pubigera*) en Cabo Udra



Fento mariño  
(*Asplenium marinum*)  
na illa de Ons

Trátase de unha comunidade caracterizada polo pirixel de mar (*Crithmum maritimum*) e a herba de namorar (*Armeria pubigera* subsp. *pubigera*). En zonas máis húmidas e sombrias, como as furnas ou covas mariñas, soe dominar o fento mariño (*Asplenium marinum*), especie atlántica de interese que forma comunidades de unha soa especie, é dicir monoespecíficas.





Cantil orientado ao oeste en  
Punta Liñeiros, illa de Ons

## Zona media do cantil

Nun nivel medio, onde non chega a bater o mar, pero existe un forte e continuo orballo mariño, principalmente durante os temporais, momento no que alcanzan esta zona as salpicaduras directas do mar e a atmosfera chega a estar saturada de sales, e onde hai un maior desenvolvemento do chan, ins-

tálase un pasteiro dominado pola herba de namorar (*Armeria pubigera* subsp. *pubigera*), os dáctilos mariños (*Dactylis glomerata* subsp. *maritima*) ou a pequena *Silene uniflora* subsp. *uniflora*, aínda que na comunidade típica



Festuca (*Festuca rubra* subsp. *pruinosa*), coa súa característica coloración azulada

dos pastos de cantil do noroeste ibérico adoitan dominar a festuca (*Festuca rubra* subsp. *pruinosa*) e a cenoria mariña (*Daucus carota* subsp. *gummifer*). Nas áreas con maior influencia de aves, onde se asentan as colonias de gaivota patiamarela, estas comunidades modifícanse e nelas atopamos plantas como o feo branco (*Holcus lanatus*) ou o brizo (*Angelica pachycarpa*).

A orientación das ladeiras inflúe considerablemente nas poboacións vexetais que nelas atopamos. Nas ladeiras con orientación sur preséntase unha comunidade endémica da Galicia meridional, con dominio de caléndula mariña (*Calendula suffruticosa* subsp. *algarbiensis*) e parietaria (*Parietaria judaica*), mentres que nos que están orientados cara ao norte aparecen comunidades de plantas herbáceas de talla elevada e gran desenvolvemento foliar (megaforbios) dominadas polo pé de oso (*Heracleum sphondylium*), a macela mariña (*Matricaria maritima* subsp. *maritima*), a herba das culleres (*Cochlearia danica*) e a estruga (*Urtica membranacea*). A cobertura destas comunidades vexetais frecuentemente é total, aproveitando o mantemento dun solo continuo, salvo nos casos en que existen afloramentos rochosos.



Estruga (*Urtica membranacea*)

Herba das culleres (*Cochlearia danica*)

Toxo costeiro (*Ulex europaeus* subsp.  
*latebracteatus* f. *humilis*) arredor do  
Burato do Inferno, na illa de Ons



## Zona máis elevada do cantil

Practicamente libre das salpicaduras do mar, pero sometida ao efecto mecánico e de desecamento dos fortes ventos, medra a matogueira costeira, tamén coñecida como matogueira aerohalófila. Trátase de unha comunidade típica dos cantís e rochedos marítimos do sur de Galicia e norte de Portugal, situada por enriba das bandas colonizadas polas comunidades das fronteiras primeira e media. Está dominada por matas leñosas, con cobertura total e frecuentemente espesa, aínda que de baixo porte, como o toxo costeiro (*Ulex europaeus* subsp. *latebracteatus* f. *humilis*), que, sometidas á acción importante da marusía, adoptan forma de almofada (formacións pulvinulares), compactas e resistentes, que dan á comunidade aspecto pechado. Acompañando ao toxo costeiro aparecen especies herbáceas como a margarida maior (*Leucanthemum merinoi*), endémica das costas galegas e do norte de Portugal, e varias especies leñosas de óptimo mediterráneo,

**Carpaza moura**  
(*Cistus salviifolius*) en Cabo Udra



como a carpaza moura (*Cistus salviifolius*), o trobisco (*Daphne gnidium*) ou a xesta mansa (*Osyris alba*). Esta matogueira pode exceder o dominio do cantil e nalgunhas ladeiras instálanse tamén espiñeirais de abruñeiro (*Prunus spinosa*).

**Margarida maior** (*Leucanthemum merinoi*),  
planta con distribución restrinxida as  
costas galegas e do norte de Portugal



Loureiros (*Laurus nobilis*) en bandeira  
en distintas zonas de Cabo Udra



## As Topiarias do Vento ou Árbores en Bandeira

O vento tamén dificulta o crecemento vexetal, ao soprar con forza nestas zonas, provocando o que se coñece como “árbores en bandeira”. A curiosa forma que teñen débese aos fortes ventos que azoutan a costa, o que fai que as árbores medren na dirección do vento.




Salgueiro (*Salix atrocinerea*)  
sobre as penedías nas proxi-  
midades de Reventóns



Parella de gaivotas patiamarelas  
(*Larus michahellis*) en Cabo Udra

## As gaivotas

As gaivotas son aves mariñas oportunistas, pouco especializadas, de tamaño medio, constitución robusta, ás longas e de sexos semellantes; plumaxe basicamente branca e cincenta nos exemplares adultos, e parda e apencada nos novos. Son sen dúbida as aves máis numerosas e fáciles de observar nas zonas costeiras. A especie máis abundosa e a gaivota patiamarela (*Larus michahellis*), aínda que tamén podemos observar outras como a gaivota escura (*Larus fuscus*), o gaivotón (*Larus marinus*) ou a gaivota chorrón (*Larus ridibundus*).



Exemplar novo de  
gaivota patiamarela



Exemplar adulto de gaivota chorona (*Larus ridibundus*) con plumaxe nupcial na praia de Pescadoira



Gaivotón (*Larus marinus*) na illa de Ons



Exemplar novo de gaivota escura (*Larus fuscus*). Este individuo foi anelado en Holanda o 29 de xuño de 2016 e fotografado no peirao de Bueu o 3 de setembro dese mesmo ano



Carolo (*Alca torda*)



Carrán cristado  
(*Sterna sandvicensis*)

## Outras aves mariñas no concello

Ademais das gaivotas, no concello de Bueu é posible observar distintas aves mariñas. Entre outras especies, dependendo da época do ano, podemos atopar carráns, corvos mariños, mascatos, paíños, pardelas, carolos ou virapedras.



Virapedras  
(*Arenaria interpres*)



Corvo mariño cristado  
(*Phalacrocorax aristotelis*)



Corvo mariño real  
(*Phalacrocorax carbo*)





Imaxe das estruturas defensivas do Castelo dos Mouros sobre o barrio de Canexol

## ARQUIPÉLAGO DE ONS

Os primeiros indicios de poboadores na illa de Ons dátanse na Idade de Bronce, da que foron localizados algúns restos de asentamentos castrexos en distintos lugares da illa. Quizais o máis coñecido sexa o Castelo dos Mouros, situado na valgada por enriba do barrio de Canexol. A pesar de non ter

sido escavado, as súas estruturas defensivas e a súa distribución circular identifícanse facilmente a pesar da vexetación que o cubre. O outro castro coñecido atópase no lugar coñecido como Cova da Loba, no outro extremo da illa, pero del non se conservan máis que restos de cerámica, lousas e abondosos cuncheiros. Con todo, puidera ser




Petróglifos de Chan da Pólvora

que a existencia de habitantes na illa se remonte a moito tempo atrás, se temos en conta as representacións de arte rupestre espalladas pola illa, como os petróglifos atopados en Chan da Pólvora.

Os primeiros testemuños escritos datan da Idade Media (ano 899) cando o rei Alfonso III doa a “Illa Aones”, como se lle coñece naquel entón, ao Cabido de Santiago. A pesar dos asedios viquingos durante a Idade Media na illa foi establecido un mosteiro durante o século XV, do que non se conserva resto algún. A este mosteiro asóciase a presenza da famosa “Laxe do Crego”, sepulcro antropomorfo traballado sobre as penedías fronte á praia de Area dos Cans.

No século XVI a igrexa cédelle a illa en feudo á familia Montenegro, coincidindo esta época coa de maior asedio por parte de piratas turcos e berberiscos, e sobre todo polos corsarios ingleses, entre os que destaca o temido Sir Francis Drake.





**Praia de Area dos Cans, coa illa de Onza e as illas Cíes ao fondo. Á esquerda da imaxe as penedias onde se atopa a "Laxe do Crego"**



Sarcófago coñecido como “Laxe do Grego”. Pedra en forma de tumba antropomorfa que pode ser observada na baixamar fronte a praia de Area dos Cans

Os saqueos, ataques e queima de dependencias á que someteron a illa provocaron que os seus habitantes decidiran, cara o século XVIII, abandonala e instalarse na costa.

En 1810, coa decisión da Xunta Provincial de Armamento e Defensa de fortificar a illa, algúns habitantes decidiron volver a establecerse na illa. Desta época é o coñecido como Castelo da Roda, situado moi preto do Curro, no camiño a Melide, e do que se conservan algunhas pedras do seu perímetro defensivo.

A primeira fábrica de salgadura instalouse entre 1835 e 1840 preto do peirao, e a actividade dos *illáns*, termo co que se coñece en Bueu aos habitantes de Ons, dirixiuse entón a subministrar peixe á fábrica, xa que, ademais de pagar unha renda polas vivendas, os habitantes da illa estaban obrigados a vender á salgadura todo o polbo que pescaran. A economía de autosuficiencia complementábase coa agricultura e a gandaría, e a illa atopábase por aquel entón completamente cultivada, sobre todo cara o sur, onde os terreos son máis ricos e abrigados dos poderosos ventos do norte.


En 1919, Manuel Riobó Guimeráns compra a illa aos descendentes da familia Montenegro por trescentas mil pesetas (1800 euros) e instala unha sociedade mercantil dedicada ao secado do polbo e do congro, ocupando as antigas instalacións da fábrica de salgadura. O herdeiro da sociedade, Didio Riobó, suicidouse ao comezar a Guerra Civil e deixou a illa sen xestión directa.

Desde que en 1940 o estado expropiou a illa para a defensa nacional, a súa propiedade foi cambiando entre distintas administracións do Estado, ata que en 1983-1984 pasou a ser da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na actualidade, o Arquipélago de Ons forma parte do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, declarado pola lei



Imaxe do Barrio do Curro

Impresionante exemplar de sabugueiro (*Sambucus nigra*) na illa



Sobreira (*Quercus suber*) de grandes dimensións nas proximidades do Curro

15/2002 de 1 de xullo, e representa os sistemas naturais ligados a zonas costeiras e á plataforma continental da rexión Eurosiberiana. O seu ámbito territorial espállase por 8.480 ha, das que aproximadamente o 86% son mariñas e o 14% superficie terrestre. Entre os obxectivos do parque encontramos tanto a conservación e a recuperación dos hábitats naturais e as especies como a protección, fomento e difusión dos seus valores ambientais e a achega ao patrimonio común dunha boa mostra dos ecosistemas litorais atlánticos.

O arquipélago está formado polas illas Ons e Onza (ou Onceta), ás que acompañan pequenos illotes como Centolo e Freitasas, e atópase na entrada da Ría de Pontevedra. Alberga un amplo elenco de especies e formacións vexetais.


Lagarto arnal (*Timon lepidus*) de gran tamaño na illa





Plano do Arquipélago de Ons

A illa de Ons mostra perfís moi diferentes. A súa costa oeste, a orientada a mar aberto, está exposta á forza do océano Atlántico, e presenta unha orografía accidentada que, salvo en algún pequeno areal ou derrubamento de bloques graníticos ao pé do cantil, acaba en cortados sobre o mar e atópase cuberta por vexetación de matogueira de pouca altura, dominada polo toxo costeiro.



Vista parcial da illa de  
Ons desde o interior  
da furna da Praia das  
Moscas, en Onza



As partes máis altas da illa, así como a cara leste, a orientada cara ao interior da ría, están máis protexidas das inclemencias do mar e presentan un perfil moito máis suave, alternando lombas e pequenos vales, ao acubillo dos ventos salinos dominantes, onde se sitúan as vivendas e os aproveitamentos agrícolas, con pequenas áreas cultivadas, prados con salgueiros e plantacións forestais de escasa entidade, entre as que destaca o Piñeiral da Espaduada. É nesta cara onde se localizan a maioría dos areais, sendo os máis importantes os de Melide, Dornas, Area dos Cans, Canexol e Pereiró. Nesta parte da illa atópanse case a totalidade das edificacións da mesma.





Abruñeiros (*Prunus spinosa*) en flor nas cercanías da fonte do Castelo

Doncella (*Euphydryas aurinia*) sobre Margarida maior (*Leucanthemum merinoi*) nos cantís da illa



Cobra viperina (*Natrix maura*). O seu deseño dorsal, con liñas en zigzag, e sobre todo a súa actitude de defensa, achatando a cabeza, fan lembrar ás víboras, aínda que se trata dunha serpe inofensiva. Os exemplares de Ons están adaptados á insularidade e non é difícil atopar estas cobras en rochedos litorais e charcas no espazo intermareal, onde se alimentan de pequenos peixes, como lorchos



Faro da illa de Ons, situado na parte máis alta. É un dos poucos faros manexados por fareiros que quedan en España. Foi construído en 1865 cun alcance de 17 millas. En 1926 constrúese un segundo faro sobre o primeiro, aumentando o seu alcance ata 35 millas

Melgacho (*Scyliorhinus canicula*) na illa de Ons. Trátase da quenlla máis abundante e común do noso litoral



Cantil costeiro na illa de Ons. En primeiro termo aparece a Punta do Rabo da Egua, coa illa de Onza e o arquipélago de Cíes ao fondo



Dornas na praia de Area dos Cans



## Embarcacións tradicionais

### As dornas

A dorna é un tipo de embarcación galega facilmente recoñecible, que leva sucando as Rías Baixas desde hai máis de 700 anos. Existe consenso entre os especialistas para situar a orixe deste tipo de construción naval en relación directa cos *drakkars*, que chegaron ás costas galegas coas invasións viquingas.

En palabras do antropólogo sueco Staffan Mörling “O par de vacas, o xugo de bois e a dorna eran as bases da economía do fogar da illa”.

# O bote polbeiro



Outra embarcación única de Bueu é o Bote Polbeiro. Caracterizado por ter dobre proa, ou o que é o mesmo, popa e proa simétricas. Tamén ten moita manga, un ancho considerable respecto a súa eslora, o que lle proporciona moita estabilidade.

Bote Polbeiro "Lagoas" da Asociación Os Galos

Illote de  
Onza desde  
o interior  
da Furna de  
Fedorentos

## *Furnas ou covas mariñas*

Furnas é o nome das covas e entrantes producidos pola acción erosiva (mecánica e química) do mar sobre as rochas que forman os cantís cando a natureza xeolóxica é favorable, aproveitando as zonas máis débiles do granito. A ondada actúa sobre as gretas e fracturas existentes nos cantís escavando galerías, acción que é máis importante durante os meses de inverno, cando a forza das ondas é maior, chegando mesmo a empuxar pedras contra o cantil.



Furna do  
"Burato do Inferno"

## Burato do inferno



Furna do  
"Burato do Inferno"  
vista desde o mar

Na zona suroeste da Illa de Ons atópase unha das furnas máis famosa das Rías Baixas, coñecida como “Burato do Inferno”. Trátase dunha sima de grandes dimensións que supera os 40 metros de profundidade. Desde a superficie non é posible avistar o fondo da mesma, xa que unha balastrada de pedra impide aos máis curiosos achegarse demasiado ao monumental buraco.

Desde o mar si é posible admirar a súa grandiosidade, xa que é unha gran fenda vertical de máis de 20 metros de altura que se ve como un gran corte no cantil.




Colada con rechamantes tons alaranxados e negros no interior do “Buraco do Carneiro”



Furna de “Cova da Loba”

Bautizada pola veciñanza da illa como Burato do Inferno, parece que o nome vén da lenda segundo a cal esta greta é a entrada ao inferno *“contan que, en días de temporal, óense os berros e xemidos das almas que levou o diaño”*. Outras versións inclínanse a crer que as colonias de aves mariñas que habitaban outrora nas súas paredes, eran as que producían estes estraños ruídos. En calquera caso, estes sons deixaron de escoitarse na illa, xa que unha gran pedra desprendida desde o teito da entrada impide que as ondas cheguen ao fondo da cova coa forza coa que outrora o facían.





Xesta de Ons (*Cytisus insularis*)  
en flor. Á dereita da imaxe pódese  
observar o illote das Freitasas

A flora de Ons, de marcado compoñente mediterráneo (dato curioso sendo unha illa no océano Atlántico), destaca polo gran número de elementos endémicos ou de área reducida, sendo moitas destas plantas exclusivas ou case exclusivas de hábitats costeiros, como os cantís e os areais costeiros, nalgúns casos constituíndo ecotipos propios de ambientes salinos e ventosos.

Entre as plantas máis ameazadas e de distribución máis localizada, atópanse: a xesta de Ons (*Cytisus insularis*), endemismo estrito destas illas e do cercano illote de Vionta (arquipélago de Sálvora); a labaza de ribeira (*Rumex rupestris*), localizada en cantís húmidos e en situación crítica (esta especie reintroduciuse na illa, xa que o único exemplar citado, localizado fai anos na praia de Melide, desapareceu), e os paxariños (*Linaria arenaria*), propia de dunas estabilizadas, que ten en Ons unha das poucas localidades

Paxariño (*Linaria arenaria*), incluída no Catálogo Galego de Especies Ameazadas na categoría de “En Perigo de Extinción”



Brizo mariño (*Angelica pachycarpa*). Endemismo do NW de España e W de Portugal



coñecidas en España. Outras plantas de distribución moi reducida son: o brizo mariño (*Angelica pachycarpa*), a herba de namorar (*Armeria pubigera* subsp. *pubigera*), a ca-

léndula (*Calendula suffruticosa* subsp. *algarbiensis*), a margarida grande de cantil (*Leucanthemum merinoi*) e *Silene uniflora* subsp. *uniflora*, propias de herbais e matogueiras expostas á influencia dos ventos mariños cargados de salitre, que presentan formacións extensas e ben conservadas. Este tipo de vexetación aparece tamén en tramos rochosos continentais.

## Plantas parasitas


Cando no colexio se estudan as plantas, de forma xenérica, defínense como “organismos que se alimentan e elaboran a súa biomasa a partir de compostos inorgánicos e auga que absorben do solo mediante as raíces e do carbono que toman do aire, en forma de  $\text{CO}_2$ , a través das follas mediante un proceso chamado fotosíntese”. Os ingredientes necesarios para a fotosíntese son clorofila, luz, auga e dióxido de carbono. Con todo, hai un grupo de plantas denominadas “parasitas” que perderon a capacidade de alimentarse e elaborar a súa

Orobanque (*Orobancha rapum-genistae*) como parasita das raíces de un codeso (*Adenocarpus lainzii*)




biomasa dese xeito e que, por tanto, especializáronse en “roubar” a comida a outras plantas unha vez que estas a elaboraron. Reciben o nome de plantas hemiparasitas aquelas que lle “rouban” á planta que sobre a que actúan o zume bruto (auga e sales minerais extraídos do solo), pero elas teñen clorofila e realizan a fotosíntese, producindo o chamado zume elaborado. As plantas parasitas “rouban” da planta da que se alimentan o zume elaborado e non teñen clorofila. En Bueu existe un nutrido grupo destas plantas, cada unha especializada en alimentarse aproveitando dunha especie ou dun grupo de especies en concreto.


# Algunhas plantas parasitas presentes no concello de Buen




Gorga ou barbas de raposo (*Cuscuta epithymum*)  
como parásita sobre  
toxó (*Ulex europaeus*)




Gorga ou barbas de raposo (*Cuscuta campestris*)  
como parásita  
sobre seseli (*Seseli tortuosum*)




Poutega ou mel de raposo (*Cytinus hypocistis*) como parasita dunha carpaza moura (*Cistus salviifolius*)



Galocrista branca (*Bellardia trixago*) planta anual hemiparasita hemiparasita a través das súas raíces de outras plantas próximas, pero sen deixar de facer a fotosíntese



Parentucellia (*Parentucellia viscosa*), planta pilosa e moi visguenta, tamén hemiparasita

A wide-angle landscape photograph of Cabo Udra. The foreground is a grassy hillside dotted with numerous large, light-colored granite boulders. A dirt path winds through the grass. In the middle ground, the terrain descends towards a rocky coastline where waves are breaking. The background features rolling green hills under a clear blue sky with a few wispy clouds.

## CABO UDRA

A Zona de Especial Conservación (ZEC) de Cabo Udra, Espazo Natural Protexido pola Rede Natura 2000, posúe unha superficie de 623 ha e atópase situada entre a praia de Mourisca (Beluso) e a praia de Menduiña (Aldán, Cangas). Este tramo costeiro caracterízase por unha morfoloxía de formas suaves, predominando os afloramentos graníticos, e con escasas elevacións nas zonas próximas ao mar. Comprende un tramo costeiro na marxe sur da ría de Pontevedra, formado por unha franxa emerxida e unha zona mariña anexa de maior superficie, con arrecifes rochosos e fondos areosos, estes últimos ligados principalmente ás pequenas praias do espazo: Mourisca, Pedrón, Ancoradoiro, Lagos, Bon e Lagoelas. Entre estas praias, e nas zonas posteriores a elas, atopamos unha gran masa de rochas graníticas que conforman cantís de gran verticalidade e mediana altura, nos que destacan grandes formacións de bolos graníticos.



Parte de Cabo Udra e da Ría de Aldán desde o Monte Castro



Límites da Zona de Especial Conservación de Cabo Udra

A flora é un dos valores de Cabo Udra máis facilmente apreciable polos visitantes, non só polo seu singular atractivo, senón tamén pola facilidade coa que pode ser observada fronte a outros valores do espazo, que sen ser de menor importancia, si resultan máis difíciles de contemplar, como os paxaros ou os réptiles.

Cicindela campestre (*Cicindela campestris*). Este escaravello atópase sempre en lugares asollados. É frecuente nos camiños de bosques, lindeiros e superficies areosas. Tanto os adultos como as larvas son depredadores doutros invertebrados






## As plantas bulbosas

Os bulbos son órganos subterráneos dalgunhas plantas que durante as épocas frías do ano almacenan os nutrientes de reserva que serán utilizados cando broten novos talos, follas e flores, normalmente durante a primavera ou o verán.







Xacinto (*Scilla merinoi*)  
en Cabo Udra



Quitamerendas ou To-  
llemerendas (*Merendera*  
*montana*) no Piñeiral da  
Espaduada, na illa de Ons



Azafrán silvestre  
(*Crocus serotinus*)  
en Beluso



Chasco común (*Saxicola torquata*) en Cabo Udra. Este fermoso paxariño aniña no chan, entre a vexetación baixa, e aliméntase de pequenos insectos



Lagarto arnal (*Timon lepidus*). Lagarto de grandes dimensións que pode superar os 30 centímetros de lonxitude. De cor verde con reticulado negro, quizais o máis característico sexan as manchas azuis (ocelos) por ambos costados. Pode atoparse en rochedos e matogueiras, sobre todo preto de toxos e silveiras



Insecto pau (*Clonopsis gallica*). Trátase dun insecto herbívoro que, como os demais insectos pau, ten mimetismo coas pequenas ramas para pasar desapercibido aos seus depredadores, o que dificulta a súa observación. Vive sobre rosas silvestres e silvas, aínda que tamén é posible atopalo sobre xestas, estripeiros e abruñeiros



Curiosa formación xeolóxica coñecida como “Pedra do Oso” en Cabo Udra

O punto de maior altitude de Cabo Udra, coñecido como “Monte Castro”, é unha atalaia estratéxica de control sobre as rías de Aldán e Pontevedra, e agocha os restos dun castro prerromano sen escavar, do cal se pode apreciar moi pouco.



Restos dos muros da antiga fábrica de Salgadura en Ancoradouro

Cabo Udra non constitúe só un espazo de gran valor ecolóxico, senón que neste contorno tamén se esconden auténticas xoias do patrimonio etnográfico vinculadas á gandería e á pesca máis artesanal.

Paseando por cabo Udra tamén atopamos os vestixios de dúas fábricas de salgadu-

ra, unha na praia de Ancoradouro e outra en Mourisca; tras os seus muros consérvase o ancestral sistema de presas e lagares para conservar o peixe en sal, unha metodoloxía herdada da cultura romana. Da antiga fábrica de Ancoadouro unicamente consérvanse restos dos muros, mentres que a fábrica de Mourisca atópase en bo estado de conservación, en parte grazas á restauración levada a cabo neste espazo nos últimos anos.

Neste espazo tamén se conservan as ruínas dun cuartel militar do século pasado, que formaba parte dun sistema defensivo da costa ante eventuais ataques de países inimigos. Outros lugares que contan con este tipo de instalacións militares son Cabo Silleiro, Monteferro e O Grove. Estas baterías de costa foron construídas durante e despois da guerra civil e estaban dotadas de canóns. En Cabo Udra aínda se poden apreciar o edificio de telemetría, un almacén, o depósito de auga e unha caseta, hoxe habilitada como Aula da Natureza de Cabo Udra.



Bilirico pequeno ou bilirico bailón (*Actitis hypoleucos*). Moi común nos coídos e rochas da beiramar, de abril a agosto, en todo o litoral, solitario ou en grupos pequenos. É moi característico o balanceo continuo da súa cola cando anda na procura de insectos para alimentarse



Antiga construción do cuartel militar, hoxe en día cuberta pola vexetación



Chozos en Chan de Esqueiros

## Chozos

Pequenas construcións ou refuxios de pedra nas que os pastores se protexían das inclemencias do tempo. Entre os penedos agóchanse os chozos ou abrigos da praia de Ancoradouro, preto de Chan de Esqueiros, utilizados polos pastores como refuxio durante os temporais entre finais do século XIX e mediados do XX.



## Almacén de salgadura da praia da Mourisca

Comezou a súa actividade a mediados do século XIX coa iniciativa do matrimonio entre Rosa María Avalle e o catalán Ramón Pla e formaba parte das máis de trinta salgaduras coas que chegou a contar Bueu, desde Loureiro ata Beluso. Mantívose en funcionamento, cambiando de propietarios, ata a década de 1940, cando se abandonou, sendo o último propietario a familia Massó. O Almacén de salgadura da praia da Mourisca é a única fábrica deste tipo que permanece integramente en pé.

Trátase de unha edificación construída na década de 1850, feita a base de perpiaño granítico e de planta rectangular. Posúe un patio interior aberto cun pozo de auga doce, rodeado dun espazo cuberto soportado por piares de pedra, onde se situaban o depósito de sal e as pías para o salgadoiro do peixe.



Pías de salgadoiro  
do peixe



# OS XARDÍNS NATURALS

## Xardíns de pedra

Compostos por vexetación rupícola, que é aquela que medra nas zonas de afloramentos rochosos, ocupando gretas e espazos entre as pedras, onde se inicia a formación de chan. Segundo o grao de inclinación do substrato é posible distinguir entre dous tipos de xardíns de pedras, as rocallas e os xardíns verticais.

### Rocallas

Trátase de xardíns horizontais cubertos por comunidades pioneiras (plantas resistentes e con poucos requirimentos, que xeralmente aparecen nos primeiros estadios da sucesión vexetal) que van formando solo pola acumulación de materia orgánica e pola acción mecánica das raíces (de menor importancia). Son plantas colonizadoras de rochedos e claros que quedan entre a matogueira, ocupando solos pouco profundos, como a sempreviva (*Sedum arenarium*), loitosiña (*Xolantha guttata*), algunhas especies de gramineas como *Vulpia myuros* e *Aira praecox*, así como a estrelamar (*Plantago coronopus*), alfileiriño de pastor (*Erodium cicutarium* subsp. *bipinnatum*) ou a herba do garrotillo (*Anagallis arvensis*).



Rocalla con semprevivas (*Sedum arenarium*) e herba das andoriñas (*Spergularia rupicola*) desenvolvida sobre unha penedía na illa de Ons

## Xardíns verticais

Formados por plantas rupícolas (de paredes rochosas) que se instalan nas fisuras dos paredóns moi inclinados ou verticais dos rochedos. Son comunidades descontínuas e de escasa cobertura, formadas principalmente por pequenos fentos rizomatosos, como a cabriña (*Davallia canariensis*), o fento das boticas



(*Asplenium trichomanes*) ou o pequeno *Asplenium billotii*, aínda que tamén poden entrar especies de outros grupos como o couse-lo (*Umbilicus rupestris*).

Xardín vertical en cabo Udra. Nunha pequena fenda na parede rochosa atópase unha gran variedade de plantas; cabriñas (*Davallia canariensis*), couselos (*Umbilicus rupestris*), acedas (*Rumex acetosella* subsp. *acetosella*) e uvas de raposo (*Sedum hirsutum*)

# XARDÍNS ACUÁTICOS

Tapices de canaveiras e xunqueiras nas zonas onde se mesturan as augas doces coas salgadas, ocupando chans encharcados por augas de baixa salinidade pero que, con todo, poden desecarse durante períodos de tempo relativamente amplos. Caracterízanse por posuír unha escasa diversidade de especies e polo predominio case absoluto dunha delas, que case sempre é a cana (*Phragmites australis*), formando canaveiras altas nas que tamén aparecen outras especies, como o escirpo (*Bolboschoenus maritimus*) ou o xunco mariño (*Juncus maritimus*). En ocasións tamén forman parte destas comunidades outras plantas como o pé de boi (*Oenanthe crocata*), o alpiste (*Phalaris arundinacea*) e a herba do rodicio (*Galium palustre*).



Xardín acuático  
con escirpo  
(*Bolboschoenus  
maritimus*) en Cabo  
Udra

Fermoso xardín acuático nunha  
charca no intermareal



Eiruga de *Cucullia verbasci*. O período de voo da bolboreta (de tons marróns, pilosa e co abdome groso) é de abril a maio, e é posible observala en hábitats abertos, así como xardíns. Aliméntase de varias especies de seoanes (*Verbascum* spp.), e en xardíns do lilo de verán (*Buddleja* spp.), tamén coñecidas como arbustos das bolboretas

## ESPAZOS VERDES URBANOS

As alamedas, deseños universais de aliñacións arbóreas, tradicionais desde o século XVI, sobre todo na xardinería pública, pero tamén na privada, teñen representación importante en Galicia. Árbores frecuentes nestes espazos son os álamos ou chopos, plátanos de sombra, tileiros prateados, ulmeiros, castiñeiros de Indias e carballos.

Ao ir medrando a poboación nas cidades e vilas os concellos foron creando espazos axardinados de uso público en antigos campos da feira ou en terreos mercados con esa finalidade; así, ao longo dos séculos XIX e XX foron aparecendo numerosos xardíns en Bueu, ao igual que no resto de Galicia, algúns totalmente novos, como a Alameda da Casa do Concello, e tamén remodelacións doutros xa existentes, como o xardín da Familia Massó, actualmente nomeado como Praza Massó.

Lavandeira (*Motacilla alba*). Atopamos este paxaro nas praias ou preto de lugares habitados, como beiras de camiños, estradas e campos de labor, frecuentemente seguindo aos tractores para alimentarse dos pequenos animais que levantan, pero sempre soe verse preto de cursos de auga. Corre detrás das súas presas (insectos) case sempre andando e axitando a cola



Plátanos de sombra (*Platanus x acerifolia*) na alameda coa Casa do Concello de fondo



## Alameda da Casa do Concello

As alamedas son nun senso estrito un '*lugar plantado de álamos*', ou nun sentido máis amplo un '*paseo de recreo con árbores de sombra*' no que compatibiliza a circulación e a estancia, sen deixar nunca que predomine unha sobre a outra. Aínda que, ás veces, se poida ter a impresión dun espazo urbano só pensando para ser percorrido paseando, é dicir unha sinxela avenida arborada, a alameda non é nunca indefinida, e sempre ten o seu carácter de estancia (case coma praza alongada), reforzado en cada momento polos equipamentos e o mobiliario urbano. Polo tanto, a alameda é estática en si mesma, pero sempre é evidente a súa relación coa rede viaria principal da cidade da que forma parte. É nesta compatibilidade entre paseo e estancia, e na función mixta resultante, onde se atopa a esencia deste equipamento urbano e de onde deriva o seu éxito nas sociedades burguesas de finais do século XIX e comezos do século XX.

O compoñente vexetal arbóreo da Alameda de Bueu está son os plátanos de sombra (*Platanus x acerifolia*) que forman unha avenida ou dobre aliñación fronte á Casa do Concello e que xa estaban presentes no ano 1956, pois aprécianse na ortofoto do voo americano dese ano cunhas dimensións xa



Pardal común (*Passer domesticus*). Especie basicamente sedentaria, ausente en hábitats naturais e frecuente en ambientes humanizados, xa sexa en núcleos urbanos, parques, xardíns ou granxas, con tal de que existan lugares aptos para a nidificación e que estean continuadamente habitados polo ser humano e o seu gando. Desde as últimas décadas do século XX a especie viu diminuír os seus exemplares ano tras ano, posiblemente polo emprego abusivo de produtos químicos no campo

importantes, polo que podemos estimar que a súa plantación debeu ser feita no primeiro cuarto do século XX, estando a súa idade próxima ao século. Actualmente consérvanse 10 exemplares procedentes das plantacións orixinais, mentres que outros foron substituídos. No espazo antigamente dedicado a un destes plátanos plantouse un fermoso exemplar de loropétalo (*Loropetalum chinense* var. *rubrum*), arbusto de orixe chinesa e de curiosos pétalos, finos, longos e con forma de flocos.



Loropétalo de grandes dimensións na alameda do concello



Flores de  
loropétalo cos  
seus espectacu-  
lares pétalos en  
forma de flocos  
ou farrapos

Algún dos plátanos de sombra aparece cuberto de hedras variegadas (*Hedera algeriensis* 'Gloire de Marengo') e con nodosillas (*Polygonum capitatum*) epífitas que medran nas súas cruces.

Rula turca (*Sterptopelia decaocto*). A rula turca é unha ave orixinaria de Asia Menor que desde comezos do século XX realizou unha espectacular expansión por gran parte de Europa, chegando a Galicia nos anos setenta do pasado século. Na actualidade é frecuente en vilas e cidades de toda a comunidade autónoma



## Praza Massó

O lugar onde actualmente se sitúa a Praza Massó foi ata finais do século XX o xardín privado desta senlleira familia de orixe catalá. Segundo se pode comprobar na ortofoto de 1956, a información achegada por membros da familia e as fotografías históricas conservadas no Museo Massó, en orixe era un espazo inspirado na xardinería francesa dos séculos XVII e XVIII. Os xardíns barrocos adoitaban ter grandes dimensións e un deseño xeométrico e simétrico, coa pretensión de que puideran ser contemplados desde as estancias elevadas dos edificios principais.



Tronco da glicinia (*Wisteria sinensis*) de grandes dimensións que aínda se conserva na praza

O xardín de Massó articulábase en torno a un estanque central de planta octogonal e 50 centímetros de altura, construído en cemento e pedra. No seu interior unha gran xardineira albergaba algúns exemplares de orellas de elefante (*Colocasia esculenta*) de grandes dimensións. O estanque estaba situado sobre unha gran plataforma de formigón de planta cadrada e elevada 20 centímetros sobre do chan. Nas esquinas desta plataforma, en catro



xardineiras de pedra, tamén de sección octogonal, medraban algunhas especies de fentos ornamentais e canas (*Canna* sp.), que a calidade das fotografías non permite identificar con maior precisión. A carón do estanque, unha gran pérgola cuberta por unha bougainvillea (*Bougainvillea glabra*) e unha glicinia (*Wisteria sinensis*) sombreaba unha mesa de pedra con un banco corrido a seu redor, onde os membros da familia se sentaban á sombra. Noutras zonas do xardín situábanse os distintos parterres, bordeados de adoquíns e nos que abundaban as camelias (*Camelia japonica*), con algúns individuos que aínda se conservan na actualidade, roseiras (*Rosa* spp.) e dalias (*Dahlia* spp.). Nas zonas perimetrais da finca había unha parra de viña de bastante altura. Tamén ornamentaban a praza algúns parterres delimitados por sebes baixas de buxo.



Acivro (*Ilex aquifolium*)  
herdado do antigo xar-  
dín da familia Massó

Nas imaxes de arquivo tamén se observan árbores que xa non existen na actualidade, como unha magnolia (*Magnolia grandiflora*), unha faia vermella (*Fagus sylvatica* 'Atropurpurea'), unha palmeira canaria (*Phoenix canariensis*) ou unha pita (*Agave americana*) de gran porte.

A reforma da Praza de Massó, ou máis ben o seu acondicionamento para ser un espazo público, levouse a cabo no ano 2009, ao mesmo tempo que as antigas instalacións da fábrica se convertían nunha urbanización para vivendas. Desde ese momento é nun dos espazos públicos máis visitados do concello.

Cheminea da antiga factoría que aínda se conserva na praza

A antiga delimitación dos distintos espazos aínda se pode apreciar seguindo a distribución das árbores que se conservan das plantacións orixinais. A zona onde están as seis camelias, o loureiro e o acivro, todos eles de grandes dimensións e avanzada idade, corresponde ao lugar antigamente ocupado polos parterres simétricos delimitados por buxos. Outra zona, antes dedicada a horta e cultivos, localízase onde aínda atopamos as distintas froiteiras, como pexegueiros e ameixeiras, e entre as que destacan o grupo dos cítricos, moi ben representados por laranxeiros e mandarinos. Nesta zona están a ser introducidas novas especies arbóreas, entre as que aparecen algúns exemplares de porte pendular, como a faia (*Fagus sylvatica* 'Pendula') e o freixo eurosiberiano (*Fraxinus excelsior* 'Pendula'). Un dos parterres de maior espectacularidade é sen dúbida o dedicado ao bambú amarelo (*Phyllostachys aurea*).

Parterre de bambú amarelo (*Phyllostachys aurea*)



# Avenida de Montero Ríos

Araucarias da illa de Norfolk (*Araucaria heterophylla*) na Avenida de Montero Ríos. Esta especie foi descuberta polo capitán Cook en 1774, cando a súa expedición descubriu a illa de Norfolk, situada 1400 km ao leste de Australia. Trátase de dous exemplares moi semellantes. A base dos fustes ten sección circular; aínda que non faltan os contrafortes que dan maior estabilidade a ambos exemplares fronte aos fortes ventos costeiros. As ramas distribúense radialmente arredor dos troncos, formando pisos, sendo as inferiores de maior lonxitude que as das zonas altas, de xeito que as copas amosan un fermoso perfil piramidal

A Avenida de Montero Ríos discorre desde o cruce coa Avenida de Marín ata a rúa de Pazos Fontenla, sempre paralela á liña de costa. A diferenza doutras vilas costeiras con peor tratamento arquitectónico, Bueu conserva o ambiente mariñeiro a pesar do paso do tempo, e aínda que foron varias as construcións que se fixeron moi preto do mar nas ultimas décadas, segue a manter o contacto co mesmo. Boa mostra é a Avenida de Montero Ríos, xa que ao longo de todo o seu percorrido podemos contemplar o mar.



Exemplares de loureiro australiano  
(*Pittosporum undulatum*) fronte á Casa do Mar



Detalle da flor do loureiro australiano  
(*Pittosporum undulatum*)

O paseo está ornamentado con numerosas árbores e arbustos que proporcionan sombra aos paseantes. A primeira parte do paseo, a que discorre por enriba da praia de Pescadoira amosa unha aliñación de plátanos de sombra (*Platanus x acerifolia*), entre os que se mesturan algúns exemplares de chopo híbrido (*Populus x canadensis*), e unha ampla selección de arbustos, coma o solano de flor azul (*Lycianthes rantonnetii*), o romeu australiano (*Westringia fruticosa*) ou a brillantísima (*Coprosma x kirkii* 'Variegata'), pero sen dúbida o que máis chama a atención nesta primeira parte é a parella de araucarias da illa de Norfolk (*Araucaria hete-*

*rophylla*), acompañadas por unha iuca de pé de elefante (*Yucca gigantea*) de extraordinarias dimensións.

No tramo de avenida dende o cruce coa rúa Matilde Bares ata a entrada ao peirao, os plátanos de sombra son substituídos por moreiras (*Morus alba* var. *multicaulis*), con follas de ata 30 cm de longo e froitos moi negros; e fronte ao edificio da Casa do Mar podemos ver dous exemplares de loureiro australiano (*Pittosporum undulatum*) de grandes dimensións e impresionante porte.



A vanesa ou almirante vermello, tamén coñecida como atalanta (*Vanessa atalanta*), é unha bolboreta de costumes solitarios e hábitos migratorios que pode percorrer distancias moi grandes. É frecuente en parques, xardíns, prados e bosques, case calquera lugar no que poidan atopar flores ou froitos maduros nos que alimentarse

No último tramo desta peculiar avenida é onde nos atopamos unha maior diversidade de especies ornamentais, xa que por enriba da praia da Banda do Río é onde aparece unha maior superficie de espazos axardinados.

As pérgolas están ornamentadas con plantas rubideiras como glicinia (*Wisteria sinensis*), parra virxe (*Parthenocissus quinquefolia*) ou madreSelva (*Lonicera japonica*), acompañadas por numerosas especies arbustivas, entre as que destacan hortensias (*Hydrangea macrophylla*), eleagnos (*Elaeagnus pungens*), abeleiras (*Corylus avellana*), adelfas (*Nerium oleander*) ou espireas (*Spiraea cantoniensis*). Hai tamén exemplares arbóreos de moi fermosa feitura, como palmeiras canarias (*Phoenix canariensis*), piñeiros mansos (*Pinus pinea*) ou liquidambar (*Liquidambar styraciflua*).

Sen dúbida o pequeno espazo contiguo ao Estaleiro de Purro, a pesar de contar con moi pouco tempo de existencia, constitúe a zona de maior interese ornamental desta fermosa avenida. Nunha superficie de apenas 300 metros cadrados foron planta-




Merlo (*Turdus merula*). Exemplar novo sobre a rama dun liquidambar (*Liquidambar styraciflua*). Adoita observarse en hortas, bosques e zonas con moita vexetación arbustiva e en parques e xardíns, nos que é unha ave moi característica, xeralmente amósase no chan, onde se alimenta de miñocas, insectos e larvas

dos 11 exemplares de chorisia, árbore botella ou pau borracho (*Ceiba speciosa* ou *Chorisia speciosa*), árbore nativa de Arxentina, Bolivia, Perú, Brasil e Paraguai, que enche de cor as primaveras do concello coa súa espectacular floración. No interior deste espazo tamén se atopa un impresionante exemplar do cacto coñecido como árbore candelabro (*Euphorbia ingens*), mágoa que a súa situación baixo a sombra de todas as árbores botella non lle permita amosar toda a súa fermosura.

Exemplares de árbore botella co Estaleiro de Purro a súa esquerda



Espectacular flor da árbore botella



# ESPECIES EXÓTICAS INVASORAS

A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, define unha Especie Exótica Invasora como *“aquela que se introduce ou establece nun ecosistema ou hábitat natural ou seminatural e que é un axente de cambio e ameaza para a diversidade biolóxica nativa, xa sexa polo seu comportamento invasor, ou polo risco de contaminación xenética”*.

Entón, todas as especies exóticas son invasoras? A resposta é moi sinxela, NON.

Ao longo deste traballo vimos moitos exemplos de especies que sendo de orixe exótica, non teñen comportamento invasor, como poden ser o millo e as patacas, de orixe suramericana, as sequoias, procedentes de América do Norte ou a araucaria da illa de Norfolk, en Oceanía.

Son moi poucas as especies exóticas que son capaces de adaptarse a un novo territorio, e, entres estas, aínda son menos as que conseguen establecer poboacións, logrando naturalizarse ou asilvestrarse. Estas especies exóticas naturalizadas adoitan manterse localizadas, pero en ocasións acontece que as condicións ambientais son boas para elas e algunhas destas especies aumentan a súa capacidade de reprodución e dispersión, converténdose entón en Especies Exóticas Invasoras.

Na actualidade as Especies Exóticas Invasoras están a causar elevadas perdas de biodiversidade a escala global, só por detrás da destrución de hábitats e a fragmentación da paisaxe. Estas invasións causan efectos negativos que afectan a diferentes niveis, desde xenéticos ata paisaxísticos, así como importantes danos ecolóxicos e socioeconómicos.

## *Pero... desde cando hai especies exóticas invasoras no noso territorio??*

Desde o inicio da era colonial, a transferencia de organismos comezou a acelerarse, tanto de modo accidental como intencionado. Ademais, o desenvolvemento da historia natural paralelo ás exploracións, permitiu documentar tanto os intercambios como as desaparicións de especies.

Os primeiros intercambios de plantas e animais domésticos entre Europa e América comezan pouco despois do inicio do descubrimento. Aínda que as especies cultivables e gandeiras europeas introdúcense a partir da segunda viaxe de Colón (1493), as plantas americanas chegan como curiosidades ou plantas ornamentais, de modo que ata o século XVIII non comeza a xene-

ralizarse o cultivo de especies americanas en Europa. Animais domésticos como os pavos, con todo, difundíronse moi rapidamente, e no século XVI xa era unha ave cotiá nas casas.

Camecáparis de Lawson (*Chamaecyparis lawsoniana*) na rúa de Alfonso Rodríguez Castelao. Esta especie foi introducida en Europa (Edimburgo) en 1854, despois de que o xardineiro escocés Peter Lawson a descubrixe nas costas americanas do Pacífico a mediados do século XIX nunha das súas expedicións botánicas

No século XVIII impúlsanse as viaxes de exploración e paralelamente a “aclimatación” de especies exóticas converteuse nunha liña prioritaria para naturalistas e investigadores. Algunhas expedicións tiveron como obxectivo a recolección de plantas para transplantalas noutro lugar, pero xeneralizouse o uso de todos os recursos e medios para a recollida, transporte e aclimatación de plantas útiles.

No século XIX, coas melloiras tecnolóxicas que permitiron o transporte máis rápido e seguro de plantas vivas, establecéronse redes de xardíns de aclimatación en territorios coloniais dependentes dun xardín botánico na metrópole.

Durante o século XX prodúcese un cambio notable en canto aos mecanismos de introdución de especies exóticas. Por unha banda, os medios de transporte aumentan considerablemente a súa velocidade e







Figureira da Baía Moreton (*Ficus macrophylla* subsp. *columnaris*) de máis de 200 anos no Xardín de Aclimatación da Orotava (Tenerife). Este fermoso xardín botánico créase por Real Orde de Carlos III do 17 de agosto de 1788, como consecuencia da necesidade de aclimatar especies procedentes dos trópicos nun lugar do territorio español coa climatoloxía apropiada. Despois deste proceso de aclimatación, moitas das especies cultivadas no xardín eran posteriormente trasladadas aos xardíns reais de Madrid e Aranjuez. O Xardín de Aclimatación da Orotava é, tras o Real Xardín Botánico de Madrid, que tamén foi fundado por orde do Rei Carlos III, o segundo xardín botánico de España

a capacidade de carrexar organismos vivos. Así, acúrtase a duración das viaxes, permitindo a transferencia dunha maior cantidade de especies menos lonxevas ou pouco resistentes. Xeneralízase o uso da auga de lastre como sistema de estabilización dos barcos de mercadorías, así como a incrustación biolóxica de organismos (plantas, algas ou animais) nos cascos dos barcos, o que posibilita a moitas especies acuáticas salvar barreiras considerables.

Ademais, o aumento do nivel de vida nos países ricos vén unido a varios fenómenos: o turismo a longa distancia fíxose máis frecuente, a tenencia de mascotas exóticas é cada vez máis habitual, os xardíns privados contan con numerosas plantas foráneas e os establecementos como zoolóxicos, parques temáticos ou acuarios con fauna e flora exóticas multiplicáronse.



Agapanto ou lila africana  
(*Agapanthus praecox*)



Gazania  
(*Gazania rigens*)

## Algunhas plantas invasoras en Bueu

Como se comentou ao comezo deste traballo, o clima de Bueu ten certo carácter mediterráneo, definido polas escasas precipitacións estivais, o que provoca que exista seca nesta época do ano. Estas circunstancias climáticas facilitaron o asentamento de moitas especies de óptimo mediterráneo procedentes das diferentes áreas xeográficas do mundo coas que compartimos este clima. Algúns exemplos podemos atopalos nas plantas procedentes de Sudáfrica, do coñecido Reino Capense, que quizais leva este nome pola capital do país, Cidade do Cabo, ou máis probablemente polo propio cabo que delimita o sur o continente africano. Vexamos algunhas plantas moi utilizadas en xardinería, en moitas ocasións naturalizadas e con comportamento invasor, e procedentes desta rexión bioxeográfica.



Falsa árnica  
(*Helichrysum foetidum*)



Aro ou cartucho  
(*Zantedeschia aethiopica*)



Margarida africana  
ou Herba do Cabo  
(*Arctotheca calendula*)



Azucena antorcha ou facho  
(*Kniphofia uvaria*)



Azucena do Cabo ou Azucena de Santa Paula  
(*Amaryllis belladonna*)

## Unha planta con "pasaporte confuso" ...

Sen dúbida unha das especies nas que se pode apreciar facilmente o comportamento invasor é a crocosmia ou tritonía. Aínda que esta planta é froito dun híbrido artificial creado polo botánico francés Víctor Lemoine entre dúas especies de orixe sudafricana, *Tritonia aurea* e *T. pottsii*, os traballos de hibridación foron realizados por Lemoine na cidade francesa de Nancy na década de 1880, polo que atribuír a orixe sudafricana a esta especie é unha cuestión, sen dúbida, discutible. El comercializouna como *Montbretia crocosmiaeflora*, e as variedades híbridas son aínda xeralmente coñecidas como montbretias. Dispérsase por estolóns subterráneos (hipóxenos) nos que se desenvolven bulbos de 2-3 cm de diámetro, globosos.



Crocosmia (*Crocosmia aurea*) nunha lámina da "Historia Ilustrada de las Flores de Jardín" editada pola Royal Horticultural Society, Londres

**Crocsmia ou tritonia**  
(*Crocsmia × crocosmiiflora*)



Detalle da flor



Crocsmia (*Crocsmia pottsii*) nunha ilustración conservada nos Kew Garden, Londres



Bulbo e estolóns subterráneo



# COGOMELOS NO CONCELLO DE BUEU

**Santy Corral. Membro fundador da Asociación  
Micolóxica Naturalista “Liboreiro”**

Este ano a Agrupación Micolóxica Naturalista Liboreiro de Bueu cumpre vinte e cinco anos, ao longo dos cales contribuiu a aumentar o coñecemento sobre os cogomelos da contorna, impartindo conferencias de micoloxía e outras temáticas e realizando saídas de campo para a identificación de cogomelos ao longo de toda a xeografía galega. Identificáronse moitas especies no concello de Bueu, tratándose en ocasións de especies raras ou citadas por primeira vez en Galicia.

Os cogomelos que observamos no campo son como os froitos de algúns fungos, que xeralmente viven baixo terra, formando unha masa de filamentos denominados “hifas”. O conxunto das hifas coñécese co nome de “micelio”. En condicións de humidade e temperatura axeitadas os fungos producen o que coñecemos como “cogomelos” ou “setas”, que non son outra cousa que o seu aparato reprodutor.

Os fungos, dependendo da súa alimentación, clasifícanse fundamentalmente en tres grandes grupos:

**Saprótrofos:** aliméntanse de materia orgánica morta, restos vexetais, animais, madeira descomposta, etc. Teñen un papel ecolóxico importante.

**Parasitos:** aliméntanse doutros seres vivos sen darlles nada a cambio. Poden causar enfermidades aos hóspedes ou mesmo a morte.

**Simbiontes:** viven asociados con animais ou plantas de maneira que os dous saen beneficiados. Unha das formas de simbiose máis coñecida son as micorrizas.

Os cogomelos presentan formas, tamaños e cores moi variados e pódense atopar nos hábitats máis insospeitados: nas dunas das praias, onde deben soportar as inclemencias dos temporais, o sol e o salitre, sobre terreos queimados polos lumes forestais, nas brañas, sobre follas, sobre as plumas de diversas aves, sobre pezuños de cabalo ou nos cornos das vacas, sobre froitos momificados, no interior das casas abandonadas, sobre madeira anegada nos regatos, parasitando insectos, sobre outros cogomelos, etc.

Á hora de recoller cogomelos é moi importante ter coidado de non danar o micelio, que como xa se comentou, está baixo terra en moitas ocasións. Ao apañar un cogomelo hai que tapar o burato realizado para extraelo enteiro,

para poder observar se ten volva na base do pé, rizomorfos ou algunha outra característica que sexa necesario analizar para a súa correcta identificación. Nalgúns casos incluso é imprescindible un estudo microscópico. Se a recolección se fai con fins culinarios, é recomendable e obrigatorio por lei, acomodalos e transportalos nun cesto de vimbio ou similar, así chegarán a casa en boas condicións.

No concello de Bueu hai unha gran variedade de ecosistemas (ou espazos) nos que é posible atopar cogomelos, dende ambientes litorais, dominados por praias e cantís, ata os altos de Chans de Cela ou Ermelo. Por desgraza, no concello a árbore que máis abunda é o eucalipto branco (*Eucalyptus globulus*), cuxas plantacións masivas fixeron desaparecer moitos bosques autóctonos, coa súa flora e fauna características. Aínda así, no concello mantéñense algúns bosques bastante ben conservados, como as carballeiras de Ermelo e Chans de Cela. Por outra banda tamén hai algúns regatos e ríos que acubillan moitas especies de flora interesantes, como o Barranco do Inferno, o río Frade, o río Nosedo, ou o rego Bouzós, entre outros, que deben ser tratados con respecto e agarimo para conservalos, por tratarse de lugares de gran valor ecolóxico. Algunhas das especies que habitan estes espazos son moi sensibles, como fentos, liques, hepáticas, réptiles ou anfibios, sendo

**Setas + exceso de confianza**



“Bichero” de Luis Davila acerca do exceso de confianza á hora de recoller cogomelos

obriga de toda a sociedade protexer esta rica flora e fauna que acompaña aos bosques de ribeira. Nestes recunchos é posible ollar durante todo o ano, se as condicións meteorolóxicas son as axeitadas, moitos cogomelos con variada morfoloxía.



Tamén no concello de Bueu podemos atopar algunhas das especies máis comúns e apreciadas polos afeccionados a desgustar estes manxares: as zarrotas (*Macrolepiota procera*), os niscalos ou fungos da muña (*Lactarius deliciosus*), as cantarelas (*Cantharellus cibarius*), os cogordos ou madeirudos (*Boletus edulis* e *B. reticulatus*), os champiñóns (*Agaricus campestris*), o matacandil ou coprino aveludado (*Coprinus comatus*), ou o pé azul (*Lepista nuda*).

Hai outros grupos de especies que agrada contemplar pola súa variedade cromática ou pola fermosura das súas formas. Dentro destas, destacan as especies do xénero *Amanita*, aínda que este grupo inclúe algúns dos cogomelos máis perigosos dos presentes no concello, polo que é necesario e imprescindible unha correcta identificación para non correr riscos á hora de consumir estes manxares. Unha das amanitas máis abundantes, que enche de colorido vermello os bosques no outono, é a popularmente coñecida como atolamoscas, brincabois ou rebentabois (*Amanita muscaria*), especie velenosa que provoca vómitos, diarreas, e que posúe propiedades alucinóxicas. Moi abundante é tamén a amanita do viño (*Amanita rubescens*), considerada como un bo comestible, pero que é tóxica en cru, xa que contén hemolisinas que destrúen os glóbulos vermellos, pero que desaparecen coa cocción.

É moi importante non confundila coa amanita pantera (*Amanita pantherina*), especie moi tóxica. Por desgraza cada ano aparecen nos medios de comunicación diversas intoxicacións con cogomelos, na maioría dos casos por consumo da amanita da morte (*Amanita phalloides*) ou dalgunhas lepiotas (parecidas á zarrota pero de tamaño moito menor). A amanita da morte, se nos fixamos ben, é moi doada de separar doutras especies do mesmo xénero, xa que soe presentar o chapeu dunha fermosa cor verde olivácea que chama a atención e, debaixo deste, as lamelas, pé, anel e volva (en forma de saco, membranosa, ampla) son de cor branca.

**Amanita da morte**  
(*Amanita phalloides*)



No concello tamén é posible observar unha gran diversidade de especies doutros xéneros, como *Armillaria*, *Auricularia*, *Callistosporium*, *Clathrus*, *Clitocybe*, *Cordyceps*, *Cortinarius*, *Descolea*, *Fistulina*, *Ganoderma*, *Geastrum*, *Gymnopilus*, *Helvella*, *Hygrocybe*, *Inocybe*, *Inonotus*, *Laccaria*, *Meripilus*, *Mitrella*, *Mycena*, *Paxillus*, *Polyporus*, *Psathyrella*, *Russula*, *Sarcoscypha*, *Scleroderma*, *Stropharia*, *Suillus*, *Trametes*, *Tremella* ou *Tricholoma*, entre outros. Ademais, no concello de Bueu existen numerosas especies de gran interese científico, que nalgúns casos constitúen importantes achegas para o coñecemento da micoflora galega, peninsular e continental. Algunhas das máis relevantes son as que se detallan a continuación.



***Omphalotus olearius* (DC.)  
Singer**

Localizado na Capela dos Santos Reis, ao pé da oliveira (*Olea europaea*) plantada no adro. Trátase dun fermoso cogomelo de cores alaranxadas ou laranxa-avermelladas. Baixo o sombreiro ten láminas decorrentes de cor amarela ou amarela-alaranxada. Medra sobre madeira de oliveira en climas mediterráneos.

A súa localización en Bueu (15/11/2008), constituiu a primeira cita para Galicia desta especie, moi común na rexión mediterránea da Península Ibérica, onde as plantacións de oliveiras son máis frecuentes. É un cogomelo tóxico, que provoca fortes diarreas e está considerado como unha especie moi rara en Galicia.

***Aureoboletus gentilis* (Qué.) Pouzar**

Cogomelo localizado en Chans de Cela, baixo carballos (*Quercus robur*). Fermoso e pequeno boletal coa cutícula do sombreiro visguenta e de cores rosadas, que contrastan cos poros do himenio, de cor amarela viva. Esta especie está incluída na “Lista vermella de fungos Hispano-Lusa”, é polo tanto unha especie merecente de protección.





***Gyroporus cyanescens*** (Bull.)  
Quél.

Coñecido popularmente como camaleón azul, esta especie pertence ao grupo dos boletais. A superficie do sombreiro é aveludada, con cor abrancazada ou crema pálida ao principio, logo é de cor que vai de amarela pálida a café con leite. Ao pasarlle o dedo ou nas feridas axiña se volve azul, de aí o

seu nome popular. Ao fendelo obsérvase o interior do pé que é cavernoso. Só o seu sombreiro é comestible, pero debemos rexeitalo para fins gastronómicos pola súa rareza. Localizado baixo árbores caducifolias, ás veces formando pequenos grupos. Forma parte do listado de cogomelos a protexer.

***Cantharellus melanoxeros*** Desm.

Pequena cantarela de cor amarela, parda clara ou parda ocre, dependendo do grao de humidade. Moi doada de separar doutras cantarelas polas súa cor gris violácea no himenio e por ennegrecer na beira do chapeu, no pé ou nas feridas. Especie moi rara no concello. Tamén forma parte da lista vermella de cogomelos a protexer na península ibérica, polo que non debe ser recolectada.



***Hericium cirrhatum*** (Pers.) Nikol.

O corpo frutífero está composto por varios sombreiros soldados, coa superficie salpicada de agullas híspidas de cor branca, que co tempo se volven amarelas, alaranxadas ou ocre. O himenio está composto por aguillóns irregulares e longos, cunhas terminacións laceradas que ás veces son da mesma cor que o sombreiro.

Frutifica sobre frondosas, xeralmente sobre madeira de faia (*Fagus sylvatica*),

aínda que en Bueu foi atopado nun burato, derivado dunha mala actuación de poda, sobre un salgueiro (*Salix atrocinerea*) nunha finca particular en Bon de Abaixo, (26/04/2008). Trátase dunha fermosa e moi rara especie que debe ser protexida.



***Laurobasidium lauri*** (Geyl.) Jülich

Cornos do loureiro. Os corpos frutíferos semellan bugallos nas primeiras fases de desenvolvemento e, a medida que van medrando, ramifícanse de xeito moi irregular, adquirindo o aspecto da cornamenta dun cervo, coa superficie rugosa e granulosa, de cor que varía de parda clara a parda amarela, e na madurez recúbrense dunha pruña abrancazada. Parasito de especies do xénero *Laurus*, en Galicia aparece sobre os loureiros (*Laurus nobilis*), nos que medra formando grandes grupos de numerosos individuos. Esta especie é de distribución Macaronésica, moi abundante nas laurisilvas das illas Canarias, Azores e Madeira. Sen dúbida, trátase da especie máis espectacular do noso concello, e tamén está incluída na citada lista vermella de fungos a protexer.

***Gymnopilus luteofolius*** (Peck) Singer

Este cogomelo ten a cutícula do sombreiro seca e na madurez se recobre de escamas dispostas de forma concéntrica, de cor parda-avermellada, con tons verdes nas feridas. No himenio ten láminas amarelas, que logo se volven dunha cor que vai de parda alaranxada a parda ferruxinosa. O pé está ornamentado con estrías lonxitudinais da mesma cor que as escamas do sombreiro. Presenta un anel corti-





niforme de cor ferruxinosa pola deposición das esporas. Non ten interese como comestible. Sen dúbida, un dos aspectos máis curiosos deste cogomelo é a súa localización, pois foi atopado no peirao de Bueu, sobre a ponte dun barco da batea de nome “Ruzai”, posiblemente sobre madeira de teca (*Tectona grandis*), madeira empregada na carpintería de ribeira.

Trátase dunha especie subtropical que medra tanto sobre madeira de coníferas como de frondosas. Hai citas en Valladolid, sobre os restos triturados dunha plantación de piñeiros. Esta especie representa outra novidade para o catálogo galego de macromicobiota.

***Tremella steidleri*** (Bres.) Bourdot & Galzin

Fungo micoparásito de *Stereum hirsutum* e *Stereum gausapatum*. De aspecto cerebriforme, co himenio disposto pola periferia do cogomelo. Medra sobre madeira morta de frondosas. En Bueu foi atopado sobre madeira de carballo (*Quercus robur*) nas carballeira de Ermelo e Chans de Cela. Este raro taxon é outra nova aportación ao catálogo galego de micoloxía.



***Xylaria violaceorosea*** J. Fourn., A. Román, Balda & E. Rubio

Ascomiceto que moitas veces pasa desapercibido polo seu pequeno tamaño. As frutificacións son estipitadas, filiformes, cos ápices raramente ramificados. Poden chegar a medir 30 mm de alto por 2 mm de ancho. A superficie é rugosa e salpicada de diminutos puntiños, poden aparecer en

pequenos grupos sobre o substrato. De cor branca nos exemplares novos

para ir adquirindo cores de rosadas a violetas sobre un fondo escuro ao madurar. Esta especie foi presentada como nova para a ciencia non hai moitos anos. En Galicia medra abundantemente na illa de Cortegada (Vilagarcía de Arousa) e agora tamén foi localizada no concello de Bueu, en concreto no rego da Escorregadoira, sobre madeira morta sen identificar.



***Mycena chlorophos*** (Berk. & M.A. Curtis) Sacc.

Especie de pequeno tamaño, con sombreiro abrancazado cun disco central de cor parda, a superficie é pegañenta. Ten láminas brancas que forman unha especie de anel ao redor do pé, sen chegar a tocalo. O estipe, de pequeno tamaño, é finamente aveludado e rematado nun disco na base. A carne é insignificante e ten un forte cheiro nitroso. No concello atopouse sobre varios substratos: acacia negra (*Acacia melanoxylon*), eucalipto branco (*Eucalyptus globulus*) e carballo (*Quercus robur*).

Trátase dunha especie de orixe tropical ou subtropical descrita por primeira vez en 1887 nas illas Bonin (Ogasawara), a 1.000 km ao sur do Xapón. Poida que chegara ata as costas galegas a bordo dos barcos que traen madeira destas afastadas latitudes, pero non está comprobado.

Aínda que a súa presenza no Morrazo está confirmada desde fai poucos anos, na actualidade xa se ten constancia da súa presenza en varias localizacións de Bueu, así como en outros lugares da bisbarra do Morrazo. Este achádego representa o primeiro rexistro desta especie para o continente europeo.

# BIBLIOGRAFÍA

- BERNÁRDEZ VILLEGAS, J. G. (2006). *Estudio Florístico de la Isla de Ons. Parque Nacional Marítimo-Terrestre de las Islas Atlánticas de Galicia*. Serie Técnica Organismo Autónomo Parques Nacionales. Madrid. 436 pp.
- BERNÁRDEZ VILLEGAS, J.G.; ACEDO CASADO, C.; MOURIÑO LOURIDO, J.; LENCE PAZ, C. & RIGUEIRO RODRÍGUEZ, A. (2015). *Catálogo Florístico del Parque Nacional Marítimo-Terrestre de las Islas Atlánticas de Galicia*. Documentos del Jardín Botánico de Gijón, 13. Jardín Botánico Atlántico, Gijón. 240 pp.
- BERNÁRDEZ VILLEGAS, J. G. & GARCÉS OJEA, U. (2018). *As Árbores do Concello de Marín*. Ed. Concello de Marín. 373 pp.
- BERNÁRDEZ VILLEGAS, G.; RIGUEIRO RODRÍGUEZ, A. Y MOSQUERA-LOSADA, R. (2018). El Catálogo Gallego de Árboles Monumentales: los suplentes. *Cadernos de la Sociedad Española de Ciencias Forestales*. 44(1): 1-10 (2018).
- CASTIÑEIRA LAVADORES, R. (2006). *Guía visual dos animais mariños do Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia*. Organismo Autónomo Parques Nacionales. Madrid.
- CASTRO MARCOTE, J.M.; POSE CARRACEDO, M. & TRABA VELAY, J.M. (2011) “500 Setas del Litoral Atlántico y Noroeste Peninsular”. Ed. Cumio
- CEBALLOS, A. (1998). *Plantas de nuestros campos y bosques*. Ed. Andriala. Madrid.
- CHINERY, M. (2005). *Guía de campo de los insectos de España y de Europa*. Ed. Omega. Barcelona
- CORRAL ESTÉVEZ, S. (2018). *Gymnopilus luteofolius* nun hábitat un tanto curioso. *Tarrelos*, N°20: 18-21.
- CORTIZO AMARO, C. & SAHUQUILLO BALBUENA, E. (2006). *Guía das orquídeas de Galicia*. Bahía Edicións. A Coruña.
- FAGÚNDEZ DÍAZ, J. & BARRADAS BEIRAS, M. (2007). *Plantas invasoras de Galicia. Biología, distribución e métodos de control*. Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Xunta de Galicia.



- FERNÁNDEZ DARRIBA, A. & SILVA-PANDO, F.J. (2016). El Género *Eucalyptus* (Myrtaceae) en Galicia: Claves y descripción. *Nova Acta Científica Compostelana (Biología)*, 23: 23-51.
- HIGINIO DIZ, J. (2015). *Catálogo de Furnas Mariñas*. Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. O. A. Parques Nacionales. Madrid
- RIGUEIRO RODRÍGUEZ, A. (2002). *Bosques e Paisaxe en Galicia*. Real Academia Galega de Ciencias. Santiago de Compostela. 108 pp.
- RIGUEIRO RODRÍGUEZ, A. (2005). *Bosques e masas arborizadas en Galicia*. In Galicia Natureza. Ed. Hércules, A Coruña. Tomo XLIII: Botánica III: 430-472.
- RUBIO, E; CORRAL, S.; COSTA, J.M. (2018). *Mycena chlorophos*, una especie tropical o subtropical, recolectada en Galicia. *Bol. Soc. Micol. Madrid* 42: 91-97
- SILVA PANDO, F.J: & RIGUEIRO, A. (1992). *Guía das árbores e bosques de Galicia*. Ed. Galaxia. Vigo.
- VILAS PAZ, A.; GAMALLO LISTE, B.; FRAMIL BARREIRO, J.; FERNÁNDEZ BOUZAS, J. A.; SANZ OCHOA, K.; LOIS SILVA, M.; TOUBES PORTO, M. & PIORNO GONZÁLEZ, V. (2014). Guía de visita. Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia. O. A. Parques Nacionales. Madrid

*Os autores*

## **J. GASPAR BERNÁRDEZ VILLEGAS**

(Marín, 1977; *gaspar.bernardez@gmail.com*)

Medrou xogando entre landras e piñeiros polos montes de Seixo, onde xermolou a súa paixón pola natureza, especialmente polas plantas.

Doutor en Investigación Agraria e Forestal pola Universidade de Santiago de Compostela, Máster en Arquitectura da Paisaxe pola Universidade de A Coruña e Graduado en Enxeñería Forestal e do Medio Natural pola Universidade de León. Desenvolve a súa actividade profesional en diversos campos relacionados coa flora do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, flora de litoral, árbores senlleiras de Galicia, flora exótica invasora, flora ornamental e educación e divulgación ambiental. É autor e coautor de numerosos libros, artigos científicos e de divulgación. Actualmente traballa como consultor independente.



## **ANTONIO RIGUEIRO RODRÍGUEZ**

(O Incio, Lugo, 1951; [antonio.rigueiro@usc.es](mailto:antonio.rigueiro@usc.es))

Doutor Enxeñeiro de Montes pola Universidade Politécnica de Madrid. Catedrático da Universidade de Santiago de Compostela adscrito ao Departamento de Produción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría (Escola Politécnica Superior de Lugo). Profesor, entre outras materias, de botánica forestal no grao de enxeñeiro forestal e do medio natural.

Membro de número da Real Academia Galega de Ciencias. Autor e coautor de numerosos libros e artigos en revistas especializadas e de divulgación sobre temática diversa, destacando a botánica, sistemas silvopastorais, micoloxía, árbores monumentais e malherboloxía.



## **UXÍA GARCÉS OJEA**

(Vigo, 1976; [uxionis@gmail.com](mailto:uxionis@gmail.com))

Ecologista desde que ten uso de razón.

É Diplomada en Enxeñaría Técnica Agrícola, con Especialidade en Hortofruticultura e Xardinería pola Universidade de Santiago de Compostela. Formadora en xardinería e agricultura ecolóxica e especialista en xardíns en movemento e xeroxardinería.

Desenvolve a súa actividade profesional en diversos campos da formación, deseño de xardíns e educación ambiental, onde comparte cos máis cativos o seu entusiasmo pola natureza e o medio ambiente.



